



XXX

**CERTAME LITERARIO
Concello de Paradela**

**PREMIOS POESÍA E NARRATIVA
Manuel-Oreste
Rodríguez López**

XXX

CERTAME LITERARIO

Concello de Paradela

PREMIOS POESÍA E NARRATIVA

**Manuel-Oreste
Rodríguez López**

Índice

XXX Certame literario MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ do Concello de Paradela Montserrat Mulet Sar - Alcadesa de Paradela.....	7
De Caamal a Santa María de Loio	9
Xaime Félix López Arias	
O Xurado do Certame MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ, do Concello de Paradela	11
Bases XXX Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López	13
Acta do fallo do XXX Certame Literario Manuel - Oreste Rodríguez López ..	17
Sempre connosco, Manuel Rodríguez Lópes. Onde atopar a poesía?.....	19
Poesía	21
Martiño Maseda Lozano.....	23
Outono na flor dos dedos	
Esteban Torres Sagra	27
Últimas palabras de Josefina Manresa	
Elena Pérez López.....	31
Florear	
Luis Alfredo Aguilar Contreras.....	35
Lágrima desnuda	
Pedro Rielo Lamela	41
Sobre a redención da tenrura	
M. ^a Soledad García Riveiro.....	45
Cutis mea denigrata est super me et ossa mea aruerunt prae caumat	

Narrativa	51
Pedro Rielo Lamela	53
Unha aldea en Marte	
Ricardo Cano García	71
El laberinto de cristal	
Diego Fernández Fernández	81
Retrato de familia na véspera dun suicidio	
Joaquín Correa Barco	95
El tiempo retroactivo	
Jose Ignacio Tamayo Pérez	109
Pares, impares	
Juan Carlos Fernández León	121
Urgentísimos de salto y primacía	
 Camino de Santiago	 127
Jose Manuel Brea Feijoo	129
Romances del Camino de Santiago	

XXX Certame literario MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ do Concello de Paradela

Chegamos á edición XXX do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, que convocamos desde o Concello de Paradela na honra do noso Fillo Predilecto, que irmandou Galicia e Catalunya a través da información e da Cultura, e representa un facho de luz que alumea ás terras e xentes de Paradela.

Foi unha excelente iniciativa a que este concello, xunto cun grupo de amigos e Santiago Rodríguez, o seu fillo, emprendeu para gardar e difundir a memoria de Manuel Rodríguez López, convidando aos creadores literarios da nosa máis ampla contorna a escribir -poesía ou prosa-, motivados pola figura e a obra do noso primeiro escritor, e cada edición que culminamos é un chanzo máis na interminable tarefa que nos propuxemos para honrar a quen dá nome ao noso Certame Literario.



Agradecemos a todos os concursantes os traballos aportados ao Certame, e damos os parabéns máis entusiastas a aqueles que o Xurado seleccionou para recibir os premios instituídos. E sempre temos un agradecemento especial cara a familia de Manuel Rodríguez López e de Santiago Rodríguez López, e aos membros do Xurado polo traballo desenvolvido, edición tras edición, para xulgar os numerosos orixinais que concorren ao Certame.

Coroada a edición XXX do Certame, rematado o prazo de presentación de traballos para a XXXI, de novo estamos en marcha, en pé de prosa e poesía, para facer realidade unha nova colleita literaria baixo a bandeira galega, paradelense e amiga, de Manuel Rodríguez López.

Paradela, polo mes de decembro de 2025.

Montserrat Mulet Sar
Alcaldesa de Paradela

De Caamal a Santa María de Loio

A Terra de Paradela, aberta a todos os ventos, terra na que o curso calado do Loio foi fonte de vida para os antergos adoradores dun lonxano deus Caamal morador riba das croas dos seus castros, non é país de brétemas e de bulleiro, senón escenario da forza vidual de xerazóns de homes e mulleres que deixaron por herdo a afouteza de seren sempre semeadores de abrentes sen xenreiras.

E Santa María de Loio, berce onde deu os seus primeiros pasos a nacente orde de Santiago da Espada, gardadora dos camiños, foi cruxol de caridade e de vidas consagradas á loita pola fe. E a Virxe do Loio foi dende entón guieiro "e esperanza nosa" das xentes moradoras ao abeiro dos sete mosteiros e das igrexas onde, pé das pías bautismais, abrían foxas para gardaren a memoria, os ósos e as cinsas das comunidades rurais cristólicas vivificadoras do "val de bágoas e do desterro" que invocaban nos seus pregos.

Foron pasando os séculos beira dos camiños de Santiago e de Lemos: as videiras da ribeira do Loio e da Trapa, os soutos de castañas, as searas, as uceiras dos carboeiros, os liñares, as bouzas, os fornos do cal e das telleiras, as ferrarías e os muiños e rels souberon da teimuda loita pola vida dunhas xentes ("pobres, coitados labregos...") de quen Lamas Carvajal dixo eran "escravos que levan o nome de libres, e viven na aldea rezándolle a Dios".

Entrou no século XX Paradela sen escolas, sen estradas, permaneceu nugallenta sen ningún dos beneficios que o pregoado progreso repartiu a esgalla noutras terras, e preguiza e "laissez passer" forzaron unha emigración que fixo esmorecer os anxeios que poderían darlle forza e esperanza, e fixeron soñar a moitos cun novo albor que se viu traxicamente choído co sangue e co loito (mera mesta) pousados riba das croas do Toural e do Castro de Barán, e que levaron horas de pesadela a nais viúvas e picariños orfos. Atila pasou co seu cabalo mouro.

Foi daquela, en tempos de trebón, cando chegou o neno Manuel Oreste Rodríguez López como símbolo das teimas e dos medos. Padeceu un controvertido bautismo, que amosou a fenda aberta entre os que daban o carrello ás novas alboradas e os que soñaban con abertas estradas por onde puidesen correren os anxeios de liberdade.

E tivo que ser Oreste, e non Orestes como o seu padriño quería, e tal e como un crego intransixente impuxo despois dunha irracional liorta verbal no adro de San Miguel. E, voltas que dá a vida, emigrado en tenra idade para Barcelona coa súa nai, acabou morando e formándose nos seus primeiros anos no seminario

clerical (o seu particular santuario de Efeso, onde temperou corpo e virtudes), e carecendo de toda sede de vinganza, a súa acción épica moveuse nos campos da vida familiar e na defensa dos seus, tanto no mundo laboral onde se desenvolvía o seu traballo, coma no compromiso a prol da Terra de onde viña, exercido nas comunidades asentadas no desterro naquel país bicado polas ondas mediterráneas.

O seu reencontro coa aldea fixo nacer un poeta, un home enteiro e dereito que redescubriu a lingua dos seus devanceiros, e coa fonte viva das palabras teceru un tapís milflores, sentida homenaxe a aquel paradiso, ledo e de ferruxe ás veces, no que pasara as estreituras dos anos de neno.

Cando moitos anos despois voltou a Galicia, tomou por guieiro a Ánxel Fole, e da súa man andou os camiños anterigos, e xuntos fixeron un mutuo descubrimento da realidade dunha arelada Galicia nova. E foi entón cando voltou os ollos cara á Paradela que deixara atrás, á idade de seis anos, á Paradela de Randulfe, de San Pedro e Pacios, o universo onde estaba o cerne familiar, tan castigado, e sen dar o carrello ao seu labor de "poeta obreiro", loitou pola dignificación do seu currunchito natal, e levou Paradela por bandeira.

E Paradela, despois da súa desaparición, perpetúa a súa memoria abrindo as súas fenestras á luz de escritores das terras de preto e de lonxe, que coas súas composicións poéticas e relatos, en calquera das súas dúas amadas linguas, renden homenaxe a Manuel Oreste, un heroe ben diferente do Orestes homérico, pois, sen armas ofensivas ou defensivas, fixo e fai posible o milagre de que na súa terra natal, en cada ano, a forza da palabra sexa ágora e praza da concordia para creadores da variedade dos pobos.

E os paradelenses, que da veneración dun Caamal tribal e totémico (cecáis un deus vingador e terrible) pasaron á da Virxe de Loio ("nai de misericordia"), engadiron agora o culto civil a Manuel Oreste ("cultivador da palabra e da forza do diálogo"), recibindo así por galano o rico tesouro dos froitos da concordia nun mundo cada vez máis plural, con camiños abertos aos ventos todos.

Xaime Félix López Arias

O Xurado do Certame MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ, do Concello de Paradela

Tras do pasamento de XESÚS MATO MATO e SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ, para a XXX edición do Certame Manuel Oreste Rodríguez López do Concello de Paradela conformarán este Xurado os seguintes membros:

PRESIDENTA DE HONRA:

Irene López Gómez, viúva de Manuel Rodríguez López.

PRESIDENTA:

Montserrat Mulet Sar, Alcaldesa de Paradela.

VOGAIS:

Valentín García Gómez, Secretario Xeral da Lingua da Xunta de Galicia.

José Manuel Mato Díaz, Tenente de Alcalde.

Ángel Fernández López, escritor, Fillo Predilecto de Paradela.

Xavier Rodríguez Barrio, escritor.

Carlos Rodríguez Otero, musicólogo, neto do escritor Manuel Rodríguez López.

Xaime Félix López Arias, historiador e escritor.

José Antonio Giz Paz, Director de GaliciaDigital

Xulio Xiz Ramil, escritor, Fillo adoptivo de Paradela.

SECRETARIA:

Ruth López-Mosquera García, Secretaria-Interventora do Concello de Paradela.

Bases XXX Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

PRIMEIRA. - Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA. - Categorias e requisitos das obras.

Narrativa:

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Poesía:

As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

Modalidade Especial Camiño de Santiago.

Cos mesmos requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, e sendo en Paradelas un fito no Camiño Francés, a cen quilómetros do final do Camiño, convócase de novo no certame a modalidade relativa ao "Camiño de Santiago".

Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía.

TERCEIRA. - Presentación das obras.

O prazo de entrega iniciase o día un de outubro de 2024 e rematará o trinta de novembro de 2024.

Enviarase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa/Especial Camiño de Santiago)

Rúa Cabaleiros de Santiago, 15

27611 Paradelas-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, DNI ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico á conta oi.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, e que conterá o nome e apelidos do autor/a, DNI ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.
- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación nos tres apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado, facendo constar a modalidade "poesía", "narrativa" ou "especial Camiño de Santiago".

En cumprimento do establecido en materia de protección de datos, Regulamento UE 679/2016 e LOPDGDD 3/2018 o CONCELLO DE PARADELA, como Responsable do tratamento, con enderezo Rúa Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 – PARADELA – LUGO, infórmalle de que os datos facilitados conforme ás bases deste certame, e por tanto, en base o seu consentimento, utilizarémolos coa finalidade de poder xestionar a súa inscrición e participación no "Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López". Conservaremos os seus datos ao menos mentres dure o Certame ou mentres dispoñamos do seu consentimento. Os seus datos non serán cedidos salvo obrigacións legais. Non está prevista a transferencia internacional de datos salvo con fines de almacenamento e en todo caso mediante garantías adecuadas.

Pode contactar co responsable, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ao tratamento, dirixíndose mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou por e-mail ao enderezo dpd.concelloparadela@eidolocal.es. Ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control de protección de datos. Para información adicional pode consultar no noso Concello a través do correo dpd.concelloparadela@eidolocal.es.

CUARTA. - Premios.

Modalidade narrativa:

1º Premio: Mil euros (1.000,00 €).

2º Premio: Cincocentos euros (500,00 €).

Modalidade poesía:

1º Premio: Mil euros (1.000,00 €).

2º Premio: Cincocentos euros (500,00 €).

Modalidade especial Camiño de Santiago

1º Premio: Mil euros (1.000,00 €).

O xurado reservase a facultade de conceder dous accésits de douscentos cincuenta euros (250,00€) en cada categoría, asemade poderá conceder ata dúas mencións de honra como máximo, de douscentos cincuenta euros (250,00€) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2025 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello www.paradela.es e www.concelloparadela.es, comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio en calquera das categorías obxecto do certame, e a súa decisión será inapelable.

SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra, durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Unha vez producido o fallo dos premios, accésits e mencións de honra, os autores que resulten galardoados non poderán solicitar que non se publique a obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López - XXX Edición.

SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Acta do fallo do XXX Edición Certame Literario Manuel – Oreste Rodríguez López

Reunidos no Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce e media horas do día 28 de maio de 2025, o xurado formado por D^a M^a Montserrat Mulet Sar, Alcaldesa do Concello de Paradela como Presidenta; D. José Manuel Mato Díaz, Tenente de Alcalde; D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. José Antonio Giz Paz (director de GaliciaDigital) e D. Jaime Félix López Arias (profesor e escritor) como vogais; e D^a Ruth López-Mosquera García, Secretaria do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Ángel Fernández López, D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, D. Xavier Rodríguez Barrio, D^a Irene López Gómez e D. Carlos Rodríguez Otero, que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse duascenas dez (210) obras, das cales setenta e catro (74) obras corresponden á categoría de poesía, e cento vinte e tres (123) obras á de narrativa, e trece (13) obras á modalidade especial do Camiño de Santiago.

A continuación o xurado procedeu a cualificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas, sinalando o alto nivel dos participantes.

O xurado, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Outorgar o primeiro premio de **POESÍA** á obra presentada baixo o título "Outono na flor dos dedos". Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Martiño Maseda Lozano.

- Outorgar o segundo premio de **POESÍA** á obra presentada co título "Últimas Palabras de Josefina Manresa". Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Esteban Torres Sagra.

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**:

- **Primeiro Accésit** á obra presentada baixo o título "Florear". Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D^a Elena Pérez López.
- **Segundo Accésit** á obra presentada co título "Lágrima desnuda", cuxo autor é D. Luis Alfredo Aguilar Contreras.

As dúas mencións de honra recaeron nas obras “Sobre a redención da tenrura” (aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Pedro Rielo Lamela) e “Cutis mea denigra est super me et ossa mea aruerunt prae caumat” (pertencendo a D^a M^a Soledad García Riveiro).

SEGUNDO.- Outorgar o primeiro premio de **NARRATIVA** á obra presentada co título “Unha aldea en Marte”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Pedro Rielo Lamela.

- Outorgar o segundo premio de **NARRATIVA** á obra baixo o título “El laberinto de cristal”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Ricardo Cano García.

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **NARRATIVA**:

- **Primeiro Accésit** á obra presentada baixo o título “Retrato da familia na véspera dun suicidio”, compróbase que o seu autor é D. Diego Fernández Fernández.
- **Segundo Accésit** á obra presentada baixo o título “El tiempo retroactivo”, sendo o seu autor D. Joaquín Correa Barco.

As dúas mencións de honra recaeron na obra baixo o título “Pares o impares”, cuxo autor é D. José Ignacio Tamayo Pérez, e na obra baixo o título “Urgentísimos de salto y primacía”, pertencendo a D. Juan Carlos Fernández León.

TERCEIRO.- Outorgar o primeiro premio de **MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO** á obra presentada baixo o título “Romances del Camino de Santiago”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Jose Manuel Brea Feijoo.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas trinta minutos, do que eu, como Secretaria, dou fe.

Sempre connosco, Manuel Rodríguez López

Onde atopar a poesía?

Adicado ó meu fillo Santiago

ONDE ATOPAR A POESÍA?
Na fror? Nos sentimentos? Na paisaxe?
No amor quizais? No corazón talvez?
No lumbrigar do día? No solpor?
A inspirada palabra do poeta
fai milagres. Il pode, sen esforzo, doadamente,
escolmar a bondade,
ollar a fermosura
sentir no máis profundo
o latexar da ialma.
O poeta é capaz de enfeitizar
no seu laboratorio espiritual
a podremia da flor,
a ruindá dun corazón...
O poeta, no crisol das súas químicas,
sempre adiviña a poesía.
Pero, onde sealcontra
a cheas, rebordante e pura?

II
Nos brazos dunha mai,
o meniño riseiro
é poesía.
Nos parques e xardís,
cheos de barullos e gralear de nenos,
existe a poesía.
No fogar e na escola,
nos camiños e rúas,
onde sealcontra un neno,
sentiredes o celme da poesía.
Cando iles bican
e mesmo cando choran,
seus sentimentos son tan verdadeiros
que deitan poesía.
Sen picariños,
do amor as fontes cegarian
e a poesía morrería.

De "Soldada mínima" (1979).
Manuel Rodríguez López

Poesia



Martíño Maseda Lozano



Nado en Xoibán (Vilalba, Lugo) en 1970, é licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC, escritor, poeta, activista cultural e administrador de Culturalia GZ. Gañador de diversos certames literarios, tanto en narrativa coma en poesía.

Ten publicados os relatos *Todo por unha teima*, *O mercenario*, *Omnisciencia* ou *Frenesí*. En canto ás obras poéticas, salientar *Nos labirintos da alma*, *Entre as paredes do silencio* e *Fotogramas da desfeita*, en edición individual, e *Diario dun ser perdido*, *Xeografía da desolación*, *Ti*, *(Des)Amor*, *A linguaxe das palabras rotas*, *Mapa de xeografía emocional*, *Alguén matou a primavera* ou *Teatro de marionetas*, en edición colectiva, ademais doutras colaboracións en revistas culturais ou en publicacións colectivas.

Outono na flor dos dedos

Lema: o sangue das palabras

I

nun estalo vespertino de novembro
(que non se parecía a calquera de finais do outono)
ousaches desafiar o algoritmo da luz
talvez foi nese lóstrego de ousadía primixenia cando aprendiches
o valor que leveda dentro das palabras
o poder destrutor que acumulan na súa boca ao racharen
o aire igual ca balas perdidas. Igual ca pedras arreboladas
desde o agocho premeditado das sombras,
por iso, conforme te arrastraban os brazos fríos do tempo
cara ás augas da noite, fuches instruíndote na cautela do silencio,
a súa mirada de pan amasado por dedos maternos
non deixou que caeses,
nin sequera cando abril se engalanaba de festa equinoccial,
nin sequera cando as pólas do carballo que medrou canda ti
ao carón da casa se souberon mancadas pola era dos desafectos,
e ti, nun intento por fuxir do colapso, mantés aceso
o abraio de contemplar coas pupilas da nenez
como se tecen arañeiras desa choiva que se resiste á súa extinción

escoitas a novembro que che deletrea irónico
a idade das palabras que aleitan a túa boca

II

no código amniótico estableceuse entre nós
un compromiso tácito:
ti, Mamá, amasarías para min
palabras de amor
que levedaban nas mans da terra
que aprenderas a pisar cos teus pés orfos

eu escribiría para ti
unha literatura da primavera sen derrotas
con todas esas palabras que ti me ensinarías amar
trigo criba ferrado muíño maquiá
artesa fariña fermento masa léveda
maos creando sustento da alegría
forno de pedra (que arrasou o progreso do asfalto)
lume brasa quentura cinza
rascadoiro rodo codeso vasallo
pa bola bolo empanada de liscos
cuberta con folla de verza
pan coda rafa faragulla
mesa de mármore branco escano
xuntanza de amor familia
compartir o pan
celebración da vida

III

no pulso da man que descansa sobre a mesa,
onde compartimos o pan e a palabra,
os latexos do tempo,
que nos mide a todos coa mesma vara, esa vara
que tronza para transmitirnos o indicio universal
e que non viñemos ata aquí para permanecer
sendo materia corrupta, senón a fráxil epopea
dunha existencia cicelada no libro da memoria
coma as iniciais do teu nome
no furor sanguíneo dos dedos

oculta na carta da man
a xeometría do verbo
ser en proceso de compulsión
hedras de sangue e luz
crisálide expansiva desde a matriz da casa

ninguén atende o ladro do can que osma a treboada

e os dentes da xeadá traban outra vez na ferida
da que supura a lembranza do derradeiro alento
no que sucumbía a fortaleza do vello carballo
inundando o curral da memoria cun mar de follas secas
revivo como sangraba a terra coa rella traidora da morte,
como se vestía de noite a primavera nas miradas
e ti, Pai, marchabas cara á néboa mesta do silencio,
onde hoxe te sigo pronunciando
entre as sílabas dos feitos,
cobertores das ouriceiras que deixaches apañadas
antes de precipitarse no sartego de todas as horas
a morna luz do outono

IV

a paisaxe flúe polo teu corpo como unha man de néboa
que te convida ao acougo transparente do solpor
ao teu carón pasa o tempo, rodéate
cos seus brazos de sombra namorada,
fálache amodo,
murmurando unha brisa de palabras inauditas
que ti non comprendes aínda
mais a existencia inelutable sangra
dentro e fóra de ti
e amas a morfemática do traxecto
que te describe
en cada paso, en cada latexo outonizo
que che adormece na flor dos dedos

Esteban Torres Sagra



Dos ripios que xurdían no aburrimiento das clases de música en segundo de Bachillerato, algo debeu arraigar na súa alma que converteu a poesía en eixo vertebrador do seu tempo (despois da súa familia), na súa obsesión, o seu pasatempo e fonte inesgotable de pracer.

Duns anos a esta parte, a práctica e a lectura doutros autores obraron nel o prodixio da madurez, de tal forma que sinte ter dado un salto cualitativo no seu criterio literario, non só como autor senón tamén como lector. Tal vez ese salto de calidade se deba aos galardóns que vén obtendo a súa obra nos últimos anos.

Desde o ano 2021, recibiu decenas de premios en certames de poesía e relato. Na súa bibliografía destacan as obras *Soliloquio a cinco bandas*, *A la sombra de Creusa*, *Fin del Principio*, *Algunos días de diciembre* e *Territorio lumpen*.

Últimas palabras de Josefina Manresa

Lema: Quesada

Miguel, aquí mi hombro, en fase de mórula,
para que siempre duerman a cobijo
las cabras juntas y tus versos todos
en la carne redonda de su curva;
para que el odio ciego de las cárceles venideras
que, infame, cercena tus sueños,
vierta su veneno en la cuneta de mi axila
y forme un río de ternura, hasta llegar al codo,
donde sumerjas tu frente de cebolla.

Aquí mi corazón, en fase trágica,
borbotón de la luz en Orihuela,
para que entierres cuitas en sus brotes
y puedas recorrer mis venas largas,
y tu sangre prolongue los caminos
que la vida te niega entre las sombras,
y se una con mi sangre de aceituna
hilvanando tu aliento al horizonte
en un renglón escrito con su tinta.

Aquí mis manos, en fase náufraga,
manivelas que Dios puso al alcance
de tu perito en lunas, asideros dulces
donde amainen los estertores de tu pena
y los toros negros entierren sus pezuñas negras
en el surco de las libertades,
donde se entrelacen tus dedos con mis dedos
en una encrucijada de condenas
que abracen a nuestros hijos en su cuna.

Aquí mi garganta, ahíta de parásitos
que proclaman las verdades del duelo,
la que nunca se cansará de amarte,
recién encalada para ti, para una nana
tierna o para una lluvia de sonetos
en los que el luto diga lo que sientes,
para que consigas vibrar en ella
los tétricos silencios que incardinas en los ojos,
que ni la muerte podrá cerrarte.

Aquí mi nombre, con sabor a tierra,
con vientos del pueblo en sus ladridos,
el que inventas cada vez que lo pronuncias
si dices “Josefina” muy despacio
entre la soledad de tus barrotes,
para que te aferres a él como a un brillo
de luciérnaga que ilumine el cielo
y te guíe otra vez a las palabras,
restituyendo en ellas tu memoria.

Aquí mi alma, hoja en blanco,
como la sierra que me vio nacer
en mi Quesada humilde,
lienzo donde pintar las ilusiones,
página dedicada a los valientes
que te regalo a cuenta de tus lápices
para que la obres con palabras nuevas,
las palabras que yo vendiendo iré,
junto a los vestigios de nuestra historia,
en los días de viuda que me resten.

Elena Pérez López



Naceu en Sarria o 11 de maio de 1996, e toda a súa infancia estivo enmarcada nesta vila e na aldea paterna, Barbadelo. Coursou os seus estudos primarios e secundarios en Sarria. Posteriormente, accedeu ao Grao de Mestre/a en Educación Primaria na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo. Graduouse en 2018 e conseguiu praza como mestra de Primaria en 2019. Dende entón traballou en varios centros educativos, conseguindo a praza definitiva no CEIP Eduardo Cele Vila de Triacastela.

Considérase moi afortunada de poder exercer a súa profesión, que define como “unha das máis importantes e fermosas”. A súa vida estivo sempre moi ligada con Paradela, debido a que ten familia e amizades no concello, e a que no curso 2024-2025 foi mestra no CEIP Plurilingüe San Miguel.

Florear

No luscofusco,
reflexos azuis cheos de vidro,
fríos e incómodos nos pés do silencio.
E no abrente
lapas calmadas, case inmóviles,
Valentes, desvergonzadas.
Fundida na presenza desa man pesada que sostén.
Ollando o pertinente paso do tempo,
das agullas do reloxo
que indican o que te quixen.

No abrente do día
uns raios violáceos
buscan desesperados
uns ollos que se fixen neles.
Alí estás ti, co teu verdor,
mesturándote entre a paisaxe
para darlles aloumiños.
Alí está el tamén,
tinguindo o teu verdor
dun marrón coma de outono.
A mestura resulta perfecta,
equilibrada na maraña
de enrevesados xiros
que a vida dá.
Os enredos quedan desfeitos
e os nobelos de la por fin atopan orde,
nun caos cada vez máis pequeno,
nun fogar cada vez máis grande.
Neste intre os amenceres xa non contan historias.
Outrora o fixeran tirando do fío da lúa.
Aquel día tiñas presa por marchar.
A min xa soamente me sostiñan as sabas e
ese, tan teu, adeus dos días nubrados.

A historia aquel día rematábala ti.
Pechabas a porta, incluída a gateira, e
aínda que dixeches deica logo,
soou a ata nunca.

Como cando es pequena
e caes.
O chan semella un lugar moi ruín no que estar.
O xeonllo sangra e as mans están peladas.
Non sabes moi ben onde che doe.
O que si que sabes é que doe moito.
Como cando o teu xoguete preferido rompe.
Doe como estar lonxe de ti nun día de choiva
e que non penses en min.
Doe moito e non sabes onde.
Agardas por túa nai, chorando
pero, de súpeto, xa es grande
e deste golpe tes que levantarte ti soa.

A mamá é de cor branca.
Reloce como a neve nun día soleado.
A mamá sabe a mazás asadas de outono,
cheira a xasmín e a café.
A mamá ten follas de camelia nas pestanas,
pétalos colorados nos beizo
e longas pólas de castiñeiro como brazos.
A mamá son montañas verdes,
mirando paxaros rebulir.
A mamá, a miña mamá, é un agasallo de aniversario.
A mamá ri e todo ri con ela.
A mamá, a miña mamá, é miña e de ninguén máis.

O papá é de cor verde.
Esperanza e vexetación.
O papá sabe a viño novo,
vivo e non morto.

1º Accésit Poesía

O papá son cerdeiras, mazairas e parras.
Todas as árbores do mundo viven no papá.
As súas apertas fanme cóxegas coa barba
e convidanme a agardar a primavera.
O papá, o meu papá, garda plumas no caixón,
colecciónaas para que eu voe.
O papá, o meu papá, é meu e de ninguén máis.

Luis Alfredo Aguilar Contreras



Luis Alfredo Aguilar Contreras é un docente guatemalteco con ampla traxectoria en educación e literatura. É Mestre de Educación Primaria e Profesor de Segunda Enseñanza en Lingua e Literatura, licenciado en Letras e con estudos de posgrao en docencia e educación superior.

Desde 1995 é catedrático titular na Universidade Rafael Landívar e colaborou en diversas institucións como UFM e UMG, onde tamén coordina proxectos académicos. Ademais, impartiu clase en varios colexios e dirixe talleres de poesía. Conta con numerosas publicacións literarias e artigos culturais, así como con formación continua en comunicación, creatividade e tecnoloxías educativas.

Lágrima desnuda

Oteño

A Milord

Me cuidas la eternidad mientras llego

Siento enorme tu muerte y tu lugar en este balcón es un paso al infinito vacío
amigo
todo lo que escribimos juntos se confunde con el rumor del silencio dormido
porque agotado de ideas se escucha por primera vez
la vida es una caricatura sin historia donde cada uno pone palabras
la lee diferente y la entiende menos
ahora hago lo mismo
te extraño hundido en un profundo fango de letras
llorando voces de ecos que nunca encontraron donde encallar y repetir su destino
amigo
ya no hay tarde, ni noche, ni estrellas, la luna no está, ni viento, ni nubes,
la sombra es clara, ni luz, ni pasos, los sueños vivirán despiertos,
ni amor, ni sentimientos,
ni compañero, ni cola, ni ladridos, me haces sentir como Dios y no me gusta
porque nunca digo nada.

¿Qué pasa si se encuentran dos soledades?

Soy el cielo y te miro espiando mis nubes
estamos tan cerca que nos convertimos en distancia imaginamos palabras
porque esto no pasará otra vez anotas las mías en el tiempo
las tuyas ya son el privilegio del silencio

lo logramos
aquí está un momento
camino contigo el viento lento
la sombra de tus alas es una letra

me fijé en ti
devuelves un espejo.

Pequeña salvación

Ya la historia está escrita y cada paso tiene su lugar
todas las distancias solo nos esperan
siempre es ahora y aquí estaré contigo
estarás sin mí
tendremos un sueño
donde somos otra tristeza
bailando nuestra música feliz despiertos después

ya, la madre olvido, nos dará otras lágrimas para jugar
pero también el destino joven es viejo
tiene grietas
donde solo algunas palabras pueden escapar
yo he escrito unas que no están aquí
tú
las demás.

Nos echaron del cielo y arruinamos el infierno

El infinito desaparece en cada lugar donde colocamos una letra
cuando ese espacio se vuelve significado
la derrota del tiempo es evidente
llegar al vacío es la rutina de todas las cosas
el silencio que existe es ese cementerio de almas vivas

nos mantenemos tallando lápidas
siempre la esperanza es lo que no se escribe

tengo en las manos lo que no es
repitiendo con los ojos cerrados que sí.

Siempre despertaremos en el cielo

No quiero estar con nadie más que contigo en toda la soledad
podemos hablar con tanto silencio
soltar sueños incompletos al vacío para que se vuelvan nube
y en la mirada de alguien sean universo
me escondo en esto porque cada infierno posible es un refugio.

Los hijos del diablo

Veo
el movimiento de las sombras en la pared

el día
lo tengo de frente
su luz no es

escribir es el infierno
esa es la fuente de las imágenes

alguna vez

caeremos en él
pero ya las palabras serán llamas

nuestro don es incendiar el alma
porque es lo último que te queda de nosotros

tú
no puedes inventar tu muerte

algunas letras de otros

sí.

Amar gotas inútiles

De alguna manera soy el olvido soñando que habla silencio
en este momento soy un poco de soledad haciendo palabras

no necesito más

solo esta nube donde duermo la ausencia y el instante inolvidable que pasará

robo tus trampas y me hago imagen de letras me vuelvo verbo sentimiento

es un juego inestable

terminaré siendo una tormenta ignorada en alguna parte.

Anónimo

Todo es parte de una historia

la única diferencia entre cualquier cosa y nosotros es la letra que somos

hemos sido palabra en el ahora interminable

atados a la dulce libertad de lo permitido

inventamos instantes en páginas ya leídas

alegre novedad durante el sueño

libro abandonado en el azar del vacío

al despertar

no necesitamos saber nada más

ni hasta dónde eres ni lo que somos

sentirnos es suficiente cadena

no creernos una falsa salvación

2º Accésit Poesía

igual

juntos

tú terminas

yo

no.

Pedro Rielo Lamela



Nado en Pontevedra en 1972, é poeta, xornalista e licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

Traballou en La Voz de Galicia, Radio Galega, Antena 3, e na actualidade é reporteiro de directos de Televisión de Galicia. Colaborou en boa parte dos medios galegos como Diario de Pontevedra, El Progreso, A Nosa Terra, La Voz de Galicia, O Correo Galego ou Galicia Hoxe. No eido literario publicou poemas, relatos e outros xéneros en revistas culturais como Dorna, Microfisuras, Bravú e Barataria.

Recibiu varios galardóns por traballos literarios de poesía e xornalísticos. É autor dos poemarios *Illado na incerteza*, *As palabras furtivas*, da biografía literaria *Ovidio Murguía* e da novela *Detrás dos perdidos*. Participou en libros de carácter colectivo como *Ara do Mar*.

Sobre a redención da tenrura

Estamos aínda a tempo,
de pensar no amor que foi extinguido,
no carreiro de vagalumes,
en cada ourizo sen desvelar o seu tesouro.

Un vento recoñecible

Pensei que eras ti,
a que petaba na ventá con ese toque de nocellos,
tal fose un filme *noir*, unha peli de gánsters
e ti, claro, unha *femme fatale*,
posiblemente, Lana Turner,
con aquel pelo no que se poderían formar unha restra de caracois,
unha ferverza de pombas desertoras;
tódalas metáforas posibles.
Abrín a ventá con dificultade,
a contra, o cristal escrito con parruma,
e albisquei, en plan detective privado con sombreiro Fedora,
no lonxe, no preto;
diante da maceira e do pozo que nunca se empregou,
e do que cheguei a pensar,
Podían ser ti ou eles, os señores do aire.
De pequeno pensei que aquela era a Casa dos Nubeiros,
poderían estar folgando,
ata colocar a escaleira que os leve ás brétemas
para botar auga cando o determine o Oficiante Maior.
Eles, os Nubeiros non petaran na ventá,
tampouco estaban á vista

e, o máis importante, tal e como sospeitara,
ti tampouco.
Era só o vento facendo o seu traballo,
picaña de aire,
pero naquel refacho, mínimo, impreciso,

había algo de ti;
un consolo, unha paréntese na dor esmelgada.

Enigma

Haberá máis oportunidades, se cadra
para descubrir o enigma do ronsel,
o coitelo na auga;
o perdón para quen se afastou da inocencia,
a redención;
para quen se alistou na indiferenza.

Plans perfectos

Pensei naquela expo de Hopper
que non chegamos a ver,
aquela na que había tantos faros,
a ti, que sempre che gustaron máis cas habitacións de soidade.
Eu contaba con ver a Bogart naqueles cadros,
tipos así,
fumando na barra dun bar longuíssimo,
onde a única esperanza
é que sirvan un whisky máis
cando están a botar os últimos clientes,
agás aos que teñen o figado ancorado.
Todas as películas que iamos ver
as de cine negro, as de Howard Hawks
e algunha do Oeste, tan arredado, para cabalgar vendo o teu cabelo solto.
Tocar o ceo de lume,
ser bendicidos por tormentas que reloucan ao chou,
e ser adorados en cada garatuxa improvisados.
Pensei que poderíamos cruzar
a estrada máis longa do mundo, non a de California,
senón aquela de Australia, a Eyre Highway,
onde nada saben de curvas,
máis dun milleiro de quilómetros todo recto
Poderíanos cansar de ver asfalto
co propósito de chegar ás Montañas Azuis,

1ª Mención de Honra Poesía

onde non sei se vivirá alguén alí.
Prescindindo de mapas.
sentíndonos foraxidos do alén.
Non deixei de imaxinar-te suspendida no aire,
chegando aos mosteiros de Meteora,
os que penduran no norte de Grecia
ou chegar ata aquela illa,
a de forma de balea varada como todo o que se esquece
Non podíamos ter mellores plans.

Cambio de hora

Adiar a hora cada ano,
non deixa de resultar unha entelequia;
froallo entre os dedos,
poñer en cuestión a lenta aritmética do solpor,
un raio sobre a rabela,
despistar a quen confía na harmonía da sega,
espiga sen alfar,
en quen converta ás medas en esculturas colectivas.
Adiar a hora cada ano,
constitúe un roubo na casa do pobre,
arrincar as letras dos trobadores,
aquelas que non son quen de adiar
levar a luz que Prometeo
entregou aos pintores con débedas pendentes
e que agora fan uso os skate na pista de half pipe.
Adiar a hora cada ano,
poñendo ao atoldado outono como testemuña,
non ten nada que ver
contigo nin comigo,
tampouco coa tenrura deturpada,
alfaia sen catalogar,
nin cos aloumiños entulladas
que van formando parte dunhas notas de agonía.

LEMA: Sodapop Curtis

M.^a Soledad García Riveiro



Escritora nigranesa cunha obra caracterizada polo seu compromiso na defensa do idioma galego, do medio ambiente e do patrimonio da comarca do Val de Miñor e de Vigo. Autora de quince libros infanto-xuvenís, participa en diversos festivais poéticos e realiza sesións de contacontos. É a creadora de *PUEOSÍA*, un proxecto de poesía visual que potencia a creatividade a través do xogo con imaxes, ideas e reflexións, e de tres poemarios ilustrados: *APOSIOPESE*, *O Camiño de Perséfone* e *POEMARcovid*.

Ademáis de ter recibido decenas de premios literarios, ten publicado obras colectivas nas editoriais Elvira, Kalandraka, Galaxia, no blog-revista Versos e Aloumiños, e na revista do Instituto de Estudos Miñoráns, no que forma parte do grupo de Promoción do Uso do Galego.

Cutis mea denigrata est super me et ossa mea aruerunt prae caumat

Pseudónimo: Ana Orantes, Rebecca Cheptegei

CORROSIÓN

Preciso sortear a corrosión das verbas francas
e caer para crearche lendas novas asteroides inoxidables
xitanxáforas durmidas que neguen esa entrada
a quen non porte unha gadaña de labor

contrasemántica dolosa

Só o fento fai errantes as enxivas descastadas

fuxín cara á túa beira para achar un lar entre refuxio e refugallo

BALEIRO

Esperto nova na rutina das perseidas
sinto a miña caste esvaecer mentres tento non mirar o río das arañas
Lembro o nome que lle das aos teus cotelos aos seus cráteres de choiva
amei amares que eran nubes de trebón

DESRECÍCLAME

Desprincipia o sol nesta festa dos entullos
lambo o novo chan da non raíña
e son sen cortes catro mans contra a faciana do barral

entretézoas sen movelas / reconxelo o meu sentido no baleiro
do que foron ollos pra a túa chave / e sento soa núa insua

Volvo fixarme no río sen nome do círculo incompleto da falanxe arrubiada
no mundo tan estraño que Aldous Huxley debuxou pensando en min
Recibo a pexa de ouro que no fondo é unha pexa
sinto como me afoga a marea / A voda remata se principia o sol

A POESÍA DOS MEUS DEDOS

Preguntas pola maxia dos dedos
que che pelan as patacas e bícasme as falanxes

E eu penso na enquisa non casual da tecedeira de Eli Ríos
e no abismo do discurso

Exploro o transcendo emocional da amiga psicopática da calma
a soidade desta man que me sustenta este coitelo
a lealdade inexorable das plumas enigmáticas da existencia de Carl Jung

Porque esta é a cociña da alegría
unha planta que aboa a duna que se forma monda a monda no limiar

A cuadratura accidental dunha paisaxe diatónica
un accidente en min menor e do mortal

mírasme e eu respondo a non pregunta SI - HOXE - HAI - TORTILLA
o veneno da hipoderme adormecida ha de hibernar

hai unha bomba neste oasis-corazón ternario e non é de insulina
sábeo ben a cicatriz que me naceu no ventre / no carpe diem
no antes de que o tempo oxide para sempre as nosas ganas de bailarnos

Ti preguntas se haberá cebola na tortilla SI - HOXE SI - HAI - TORTILLA

Non acado transmutar o odio que che teño nun fogar de garatuxas
chega caligráfico xaneiro e ti preguntas pola maxia dos meus dedos

CANIBALISMO DO VENTO

Porque bebemos todo o océano no Atlántico
e procuramos na morada a vastidade
e ficamos atrapadas entre os marcos resignadas
ao costelar da inundación que son agora os nosos pés

porque xogamos a pintar os nosos rostros mutilados
e a moer como Viktor Frankl o presaxio do sal que nos desterra

porque non se transita do raio ao lóstrego senón da sombra á luz

O canibalismo cheo de vento que nos fai de disciplina
o cansazo contra o rapto da nenez

a traxedia da marea que se ergue contra o sangue
o limiar que nos afouta para non dicir xamais

Son as ondas ceibes do mar branco da fervenza
do pasado da princesa só un reclamo?

só a morte ceibará na nosa ialma das pegadas do salitre da deriva
só a morte nosa ou do señor

TAPIZ

Aprendinlle ao meu corpo a entender
que hai un cadro e hai un corpo e un tapiz / E fun ao médico

O INFORME MÉDICO

Paciente presenta sinais de desgaste crónico,
o corpo amosa fronteiras difusas,
como un cadro que perdeu os seus límites.
Hai un corpo presente, pero tamén unha sombra
que se estende e se confunde co tapiz que o rodea.

Antecedentes: ensinouse en van a medir o tempo,
mais as patadas constantes borraron o reloxo nocturno,
imposibilitando a recuperación completa.
Refírese a perda do sopro sanador das feridas
nun parque descoñecido. Nunca foron atopadas.

O paciente relata unha sensación de bamboleo,
probablemente asociado á sombra dunha figura silente.
Aínda que non hai diagnóstico firme,
podería tratarse dun desexo non resolto,
ou dun amor que se esvaece sen intervención adecuada.

O tapiz acolle ao paciente sen preguntar,
indicando un refuxio emocional pasivo.
Recoméndase continuar coa coraxe adquirida
e protexerse coa armadura da loita interna,
aínda que non hai evidencia de mellora significativa.

Non se atopan trazos dunha costureira no proceso,
o que suxire que non houbo intento de remendar as rupturas.
As agullas, semellantes a tixoiras, cortaron de raíz
o desexo e calquera posibilidade de renuncia.

Finalmente, pregúntase ao filósofo Heráclito,
sen resposta aparente, a que horas se detén o destino.
Recoméndase monitorización continua
por posibles alteracións no curso do tempo.

CEMITERIO

Ti es o señor do meu insomnio e dos meus nervios
vermaquí a contemplarme sinuosa co ossobuco
das desvértebras tendidas sobre a daga e esgazalas

Teño a marca da tristura negra nos pulmóns e o fígado enchoupado de
amieiros crávaseme un un xeonllo en cada ril
e os lóstregos apáganme o cerebro

2ª Mención de Honra Poesía

empodéranse as angustias no meu bazo
a túa voz procura sempre o interruptor da miña esencia

Para min vai a ferida do crepúsculo magnético
para min vai a merenda de balotes
para min un hematoma para min a contusión

para min pisar a terra prometida na desova do narval

PUTO BANG

Bastas de falarme
cando queres converterme en cemiterio

cutis mea denigrata est super me et ossa mea aruerunt prae caumat

Narrativa



Pedro Riello Lamela



Nado en Pontevedra en 1972, é poeta, xornalista e licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

Traballou en La Voz de Galicia, Radio Galega, Antena 3, e na actualidade é reporteiro de directos de Televisión de Galicia. Colaborou en boa parte dos medios galegos como Diario de Pontevedra, El Progreso, A Nosa Terra, La Voz de Galicia, O Correo Galego ou Galicia Hoxe. No eido literario publicou poemas, relatos e outros xéneros en revistas culturais como Dorna, Microfisuras, Bravú e Barataria.

Recibiu varios galardóns por traballos literarios de poesía e xornalísticos. É autor dos poemarios *Illado na incerteza*, *As palabras furtivas*, da biografía literaria *Ovidio Murguía* e da novela *Detrás dos perdidos*. Participou en libros de carácter colectivo como *Ara do Mar*.

Unha aldea en Marte

Lema: Robin Masters

A plataforma tremía baixo os seus pés e foi erguendo a cabeza ante o fato de xente que se amoreaba coa emoción de asistir a un momento histórico. Decisivo. Unha vez na vida. O capitán Jack Barrows tentou concentrarse mantendo a calma e facendo da temperanza, unhas das súas grandes virtudes. Só o bruar do vento ou, se cadra do tempo, chega os seus miolos concentrados na misión que ía encetar.

Diante del, a estrutura colosal erguíase contra un ceo atoldado que rabuñaba nel coma unha agulla destinada a crebar a pel do mundo. Era o primeiro compás. Non sentía medo, pero si un peso antigo, algo que sempre estivera alí, agardando por aquel intre. Os monitores cantaban números, pero el só escoitaba o latexar da súa propia respiración, lenta e medida, como se fora a última vez que compartía o aire coa terra.

De súpeto, unha sombra percorreu a beira da súa visión, fugaz e imprecisa.

Alguén, ou algo, parecía observalo dende as profundidades do hangar: estás preparado, pequecho?, borboriñou un vento que era tan dondo como tramposo.

El apertou os puños. Xa non había volta atrás. Ben sabía que o alén ábrese paso para quen ten o valor de falarlle ao oído ás estrelas, adiante co varal de non estarricarse ante as dúbidas, mantendo o sarillo no corpo (auga corrente non mata á xente; auga parada, auga envelenada) e no ánimo, por moi estarricado que se atope.

Todo estaba preparado para que o capitán Jack Barrows subira á nave espacial Mercury One. Neses intres de nervios non resultaba doado sentirse o centro de interese desde calquera recanto do mundo. O capitán Barrows quixo botar fóra da nave todo o que puidera convertelo nun home vaidoso e que o mantivese arredado daquela privilexiada situación na que se encontraba.

Antes da partida desbotou as olladas emocionadas do público que se dirixían cara el que se atopaba ao abeiro de milleiras de bandeiras de diferentes países que compoñían aquel escenario requintado e, coa solemnidade que precisaba a situación, baixou a cabeza en dirección a unha longuíssima alfombra que o tiña que conducir o seu destino. Debía tranquilizarse, a partida podía agardar uns minutos. Deixou de ollar cara o exterior. Estaba nunha enorme sala en Cabo Cañaveral, na costa de Florida, con todo tipo

de ordenadores e pantallas desde as que se abesullaba calquera planeta do universo. Era o lugar no que se recibían infinidade de datos, modificacións, por pequenas que foran, dos astros que conforman o sistema solar e que se rexistraban con enorme precisión. Habitualmente había centos de persoas no que era o seu centro de traballo, unha especie de gran ollo esculcando as rotacións planetarias e un pequeno cambio era recibido con enorme entusiasmo, porque normalmente non acontecía nada extraordinario. Pero ese gran día o capitán estaba só, completamente só, naquela silandeira sala na que non se escoitaba a ninguén baduando. Precisaba concentrarse neses instantes previos a súa misión e ese desexo fóralle concedido como inevitable por parte dos máximos responsables do Centro de Lanzamento. Só el fronte aos designios dos astros. Pediu que o deixaron só, máis que para concentrarse para reparar o que fora o seu camiño ata chegar ao máis alto da súa profesión. Non estaba para moitas chilindradas.

-Son cousas dese toliño de Barrows-dixo o tenente Mcgreegor con ese aire compracente e duro ao mesmo tempo.

O capitán Barrows era todo un veterano, xa facía moito tempo que deixara de ter leite nos beizos, nunca fora un palanquín, pero sempre andara a barlovento; un *outsider* a quen se lle presentaba a derradeira oportunidade, máis ca pola súa valía, por descartes anteriores, polos múltiples fracasos previos. El non pretendía romper os marcos, pero podía escoitar unha ladaíña entre o fuscallo que tanxela o destino atoallado entre un balume de acordanzas que se presentaban ante el naquel rodopío. Apertou os puños e non puido menos que sentir un lampexo de furia.

A conta atrás estaba en marcha. Bulía o corazón que case non era quen de acadar que se detivese, galopando con ímpeto. Axustouse o traxe, que non deixaba de ser unha segunda pel, aínda que de cor negra mate, coma unha sombra que chucha da luz en troques de reflectila.

Sobre o peito, un patrón de liñas irregulares pulsaba cun tenue brillo azul, coma se seguise o ritmo do seu corazón. O casco, sen bordos visibles, era unha esfera prateada que amosaba, tal espello sen considerar, o mundo do que tiña ao seu rente, un tanto distorsionado.

O material parecía suave e flexible, pero ao mesmo tempo, ofrecía unha protección absoluta.

Nas luvas, unhas luces diminutas acendíanse e apagábanse, reaccionando a movementos invisibles no aire. Era como se o traxe estivese vivo, observándoo, protexéndoo, preparándose para algo que el aínda non comprendía.

Axiña notou que o visor do casco estaba empañado polo alento nervioso que non lograba controlar. Fóra, a contorna que estaba no seu campo de visión,

1º Premio Narrativa

seguía con expectación o intre do despegue, o que para o capitán Barrow, supoñía o cumio dunha carreira que nunca fora doada, pero alí estaba, no centro do mundo, atraen do todas as olladas. Respirou con profundidade.

Mentres agarda o despegue, o astronauta di polo intercomunicador:

-Se isto sae mal, polo menos podó dicir que son famoso. Unha estrela do rock, polo menos, aínda que mellor me irá escoltar música clásica.

-Non, que así te has relaxar máis da conta e non procede. Propóñolle algo máis heavy, que ben sabemos que o seu non é reguetón.

-Nin iso, que non se pode chamar música, nin a pizza con piña ou que a carne estea pouco feita. Esqueceuse dos parabéns e agarrou con afouteza o prismático en miniatura que lle regalara a súa primeira moza un día de inverno de finais do século XX. Fora o agasallo máis fermoso que lle fixeran e, desde entón, conservouno como un amuleto que nunca o deixou de acompañar e que o unía a súa pel como se fose a chaga dunha doce ferida, dunha ferida que cobraba valor co paso dos anos como sinal de que houbo certo pasado. Era a forma máis infalible para que non se agochase unha historia propia que xa case non lle pertencía. En realidade, o capitán non se chamaba Jack nin o seu apelido era Barrows, senón que a súa identidade auténtica era a de Marcial Castro, tal e como revelaban os informes oficiais, que nunca serían feitos públicos por cuestións de seguridade. Esas eran as condicións. Ás veces sentía certa mágoa por ter que renunciar a súa verdadeira identidade, que lle fora construída unha vida paralela. Pero non era quen de esquecer as súas orixes.

Nacera en Segade, unha pequena aldea de Lugo, que, en toda a súa historia, só dera dous acontecementos dignos de mención e que foron recollidos con todo luxo de detalles en *El Progreso*.

En 1917 un globo aterrou nunha fraga á que chamaban Cortiñas. Da pequena caixa de vimbios baixaron dous homes que levaban uns cascos de coiro detrás dos que se distinguían os seus ollos verdosos. Ninguén se quixo achegar demasiado porque axiña circulou a noticia de que no interior do globo viaxaba o mesmísimo díaño, que ademais se presentaba por partida dobre. Só algúns campesiños, armados con sachos e fungueiros, se aproximaron aos viaxeiros co temor de que se levaran a abondosa colleita de patacas daquel ano. Estaban asustados. Os veciños correron detrás duns homes que fuxían alporizados e co medo inserido no corpo, ata que un bateu cunha aramada e ao outro non lle quedou máis remedio que agardar polo seu compañeiro. Formaron un círculo ao redor deles para que non se escaparan, non deixaban de observalos con curiosidade e tamén con certa desconfianza ante o descoñecido. Os dous homes non falaban. Mirábanse entre si ata que principiaron a expresarse nunha lingua descoñecida. Un

dos veciños máis espelidos fixo un balance definitivo:

-Son fillos do diaño, mala chispa os fenda. Xa vedes que ollos teñen, que roupas visten e como falan. Ademais chegaron voando.

Decidiron, no que era unha asemblea provisional, a golpe de toxo, tomar medidas de contado. A primeira xa fora decidida.

-O mellor é que chamemos ao pai don Prudencio.

-E que vai facer el?

-Xa saberá o que ten que facer. Seguro que nos autoriza para que os levementos á fogueira para sacudirilles a galbana ou, polo menos, a Garda Civil ou, que sei eu, ao médico para que os vexa. Lobos os coman, que lisquen das nosas leiras.

-Coa hora que é don Ramón estará na taberna e non pasará consulta.

A opción do cura foise abrindo paso como a única con posibilidades entre todos os desatinos. Decidiron chamar ao pai Prudencio para quitarlles o verme do corpo e despois xa verían o que ían facer cos dous homes que seguían a falar entre eles nunha lingua estraña, cada vez máis rápido e xesticulando coas mans.

Os veciños foron a casa do cura que, seguramente por ser antes do medio-día estaría a preparar a misa.

-Don Prudencio, ábranos, é unha situación de emerxencia- berrou un dos veciños na porta da reitoral e que se converteu en protagonista do grupo.

Impecablemente vestido de traxe, sen sotana, o que incomodaba a algún fregués, abriu a porta e pediu a aquelas oito persoas que se tranquilizasen.

-Son extraterrestres. Caeron do ceo. Seguro que viñeron para acabar coa colleita de patacas deste ano. Seguro que decataron do ben que prenderon.

-Xa sabía eu que as cousas non podían seguir tan ben-engadiu o representante dos pesimistas.

O cura, que xa agardaba calquera cousa daquela xente, non puxo o menor reparo en acompañalos, sabía que sería a única forma de que non se alporizasen demais. Deixouse convencer con facilidade e saíu da reitoral rodeado de case a metade dos veciños da aldea.

Chegaron á fraga e o cura aproximouse ata os dous estraños homes, escoitándolles falar moi baixiño e púxose a parolar con eles con total normalidade. Todos ficaron pasmados, ollando con estrañeza, sen comprender nada e preferiron calar, ser todo oídos. Foi rápido e sinxelo.

Moitos ollaron mal ao cura e mesmo pensaron se tería algo que ver con aqueles tunantes, ultimamente non tiña un comportamento moi normal.

1º Premio Narrativa

A explicación do misterio resultou doada de entender: os visitantes eran alemáns e o pai Prudencio estudara Teoloxía en Múnic. Para o avó de Marcial, aquel sería o día máis importante da súa vida. Presenciara como caeran aqueles homes desde as alturas nun descenso precipitado, pero despois de sentir o dominio sobre o aire. Tiña só catorce anos e desde entón só pensou en voar, un desexo que o converteu, cos anos, nun deses excéntricos persoeiros que sempre teñen a sorte en contra, porque as súas tentativas de arrebolarse desde calquera pequena elevación de terra remataban coas súas pernas esnaquizadas e co peito ateigado de mazaduras. Así, unha e outra vez, desde a mocidade ata que se converteu nun vello armadanzas con calzóns de pana e boina cachaba que tentaba voar lanzándose desde calquera penedo para acabar cunha perna rota. Nunca cedeu nesa determinación, pese ao escaso éxito acadado durante máis de cincuenta anos. O capitán Barrows sentiuse en Cabo Cañaveral parte dunha estirpe de aventureiros que levaba nos xenes.

O outro suceso relevante na historia de Segade, que ninguén quería lembrar, fora cando Aniceto Reboredo, coñecido co alcume de O' Petouto, nun ataque da carraxe, colleu a gadaña e matou a toda a familia do Arxentino, porque lle escoitara dicir que o presidente Prim, que acababa de ser asasinado por un grupo de anarquistas, recibira o que se merecía, posto que non sabía tratar aos que debían estar á espera do garrote e, ademais, era masón. O trágico episodio deixou unha longa pegada transmitida de xeración en xeración; feridas abertas aínda que pasado o tempo os máis novos xa non sabían de onde proviña. Historias dun pobo que eran ben coñecidas por todos, gardadas en silencio en moitas ocasións para evitar que se recruase certa xenreira desde a canteira recen aberta ata o pazo dos que coñecían como Os Marqueses, aínda que o único título nobiliario que posuían era a cartilla da caixa de aforros. Un oficial entrou na sala e comunicoulle que debía saír para subir á nave.

-Agarde un momento.

-Pero capitán, está todo o mundo agardando...

Seguiu matinando naqueles primeiros anos de infancia e no que viría despois. Non quería desvencellarse de todo o que lle pertencía, de todo que o convertera no que era.

Co tempo, o que sería o capitán Barrows, foise separando dun pasado que agora lle resultaba alleo e xa non tiña nada que ver con aquel meniño no que estaban depositadas grandes esperanzas. O camiño non foi doado. Renunciar as súas orixes que comezaban nunha aldea remota da Terra Chá, que para el seguía a ser o corazón do mundo, non foi unha decisión sinxe-

la. Cando chegou á NASA o director do seu departamento fitouno logo de consultar a súa breve biografía e detívose no seu extenso currículo para finalmente espetarlle:

-Con este nome, Marcial e con este apelido, Castro, non pretenderá ir vos-
tede moi lonxe. Endexamais souben que existira un nome tan parvo e debe-
rá saber que para que o aceptemos terá que esquecer eses nomes. Faremos
de vostede un novo home.

O que ata entón era Marcial suxeitou a queixada coa suavidade das súas
adolescentes mans e chiscou levemente a lingua mentres miraba unha fo-
tografía de Ronald Reagan que estaba pendurada sobre unha parede de cor
púrpura e sen ningún outro **atrezzo** de acompañamento.

-Vexo que está ollando o noso presidente, o mellor presidente da historia.
O único capaz de devolverlle ó noso país o lugar que lle corresponde no
mundo e de poñer a cada un no seu sitio. El si que os ten ben postos.

Non dixo nada, nin sequera tiña unha opinión formada sobre os políticos, o
único que desexaba era voar e sabía que as súas arelas se ían cumprir. Era
o principio dunha andaina na que comezou a facerse realidade o que fora o
presaxio do seu avó, constituíndo un motivo de orgullo:

-Este rapaz vai chegar moi alto.

Estar alí semellaba un contiño de fadas, vendo como se cumprían os soños
máis íntimos, pero tamén era o inicio dun camiño de renuncias.

Transcorreran varios anos desde aqueles primeiros días, pero o seu aspecto
desgairado e os grans nas meixelas facían que conservara un aquel infantil.
Agora estaba a piques de facer historia, de chegar ao planeta máis deveza-
do, o que se convertera nun reto o seu alcance despois de sucesivos frac-
sos. Era o home elixido. Gañárase a confianza dos seus superiores cunha
formación sen tacha algunha que e valoraban especialmente o seu espírito
de sacrificio, algo moi característico da súa terra.

Foron meses de moito traballo e de asistir a reunións nas que apenas falaba,
limitábase a escoitar e tomar breves notas. Debían adoptar unha decisión.

Albiscaron toda a mancha de planetas coñecidos e a esa lista engadiron
outros que se atopan nas descoñecidas galaxias de Rixina e de Woldenskin.
As dúas galaxias e os seus respectivos planetas foron desbotados desde un
principio porque, aínda que dispoñían de información confidencial asegu-
rando a existencia de vida humana, non querían sementar ningún temor
na terra. Estaban preto, non había ningún tipo de proba de que os seus
habitantes foran inimigos, pero a inseguridade e a desconfianza fronte ao
que non é dabondo coñecido fíxolles adoptar unha postura conservadora.

1º Premio Narrativa

Decantáronse por Marte, coa convicción de que devolverían a popularidade perdida ao planeta vermello. Ademais, era a opción, non a única, máis económica e lóxica por mor da súa proximidade. O cuarto planeta desde o sol, o máis pegado á terra no sistema solar e co que ten máis semellanza, volvía recuperar o fulgor dos tempos da década prodixiosa dos anos sesenta do século pasado.

O capitán Barrows tiña a alta misión de atopar un chisco de auga. Unha finalidade que non se podía revelar. O interese científico da operación só se empregaba para manter ocupados aos xornalistas e á opinión pública que lle prestaba argallar coa posibilidade de superar a fazaña de Armstrong, Aldrin e Collins cando chegaron en xullo de 1969 a aquel mar de tranquilidade que era a Lúa. Existía certo ánimo aventureiro pero había algo máis. A auga non estaba na superficie de Marte e o goberno afirmara en repetidas ocasións que non había auga e para dar mostra enviaban cada certo tempo diferentes fotografías. Nin pegada do líquido.

A realidade era que a terra fora quedando, con inesperada rapidez, sen os milleiros de ríos que conformaban o seu antano espazo mollado. A chuvia había anos que se recibía como un agasallo dos deuses o que motivara a ameaza de varias guerras para facerse cos poucos litros de auga que aparecían, de cando en vez, nalgúns países da ancián Europa ou dos máis pobres. A paisaxe era desoladora: ríos practicamente baleiros, mares cada vez máis secos e unha notable perda de cor e de vida nunha natureza con escasos recursos. Precísábase auga para as tarefas domésticas, tamén para grandes asuntos de carácter internacional cuns poucos países tentando facerse co seu control en exclusiva. Procuraron facerse con ela por todos os medios. Unha vez desalgada toda a auga posible, recorrer ás nacións máis desfavorecidas, non quedaba outra alternativa que rachar fronteiras e dar un paso máis. Non se querían abrir novos enfrontamentos, polo que se mantivo como unha misión de alto secreto. Por iso, non se quería desvelar a auténtica natureza da misión, non se querían ferir susceptibilidades e que acusasen aos Estados Unidos de procurar o seu interese particular. Desde a Casa Branca foran tallantes ao advertir que nin unha crítica máis, especialmente cando faltaban poucos meses para as eleccións. Non querían que os acusaran de cobizosos e repetían que a única finalidade era científica. A ninguén se lle escapaba que a auga era o recurso máis valioso, polo que cumpría actuar con moito tino.

O que non revelaban é que tiñan un sistema para converter o xeo de Marte en auga e para chegar a dous mil metros de profundidade onde existía algo semellante a un océano, pero antes debían confirmar cada dato.

Ningún dos altos mandos confiaba firmemente no proxecto, pero levouse adiante por unha cuestión de ser os primeiros, de chantar a bandeira das

barras e das estrelas no planeta do que tanto se tiña falado pero ao que aínda non se acadara chegar. Tentaban xustificar a misión baixo unha pátina do interese global, do que xustificaban por razóns científicas.

Tentaban camuflar as cuestións comerciais dos máis ricos, dos máis poderosos, unha vez que a Terra, se atopaba en serios riscos, nos lindeiros do colapso e querían buscar un novo destino por habitar, por colonizar.

En realidade, apostaban por un destino moito máis arredado, Andrómeda, pero mesmo viaxando á velocidade da luz, tardaríase dous millóns de anos en chegar a nosa galaxia veciña. Pouco se sabe dos seus planetas, da existencia da gravidade, de se tería algún satélite ou se eses planetas estarían alumeados por algún astro semellante ao Sol. O que se albisca como unha pequena brétema, é máis grande ca Vía Láctea; un destino imposible.

A misión era de alto risco e con escasas posibilidades de rematar con éxito, aínda que o capitán Barrows estaba afeito a aturar todo tipo de perigos. Era a gran esperanza do Centro Espacial.

O seu tiña, por forza, que ser un proxecto en solitario e nada máis que unha persoa podía dar co lugar no que se agochaba a auga, xa que calquera filtración podía ter fatais consecuencias. Evitaran darlle máis explicacións que as que xa coñecía de antemán:

-Ten que ir vostede só. Nin un só acompañante.

Non era en realidade unha misión secreta, pero si encuberta. Para evitar calquera tipo de loita que puxera en perigo o fin da travesía renunciaran a dar a coñecer as intencións reais da viaxe. A versión oficial, que era a que se coñecía e se admiraba publicamente, insistía en que se trataba dun proxecto científico destinado a probar que en Marte existía unha descoñecida molécula que podía ser a chave para que a vida humana non tivera fin. O elixir que tanto buscaran os príncipes románticos. O director ollouno de arriba cara abaixo para espetarlle:

-Así estarán entretidos os xornalistas. Cando lle pregunten fale desa molécula capaz de frear o paso do tempo nas persoas. Seguro que fican enfeitizados. Non debe explicar demasiado, pero seralle de gran axuda este *dossier*.

Recolleu a documentación e pouco a pouco foise metendo no seu papel, evitando dar algunha opinión que puidera contrariar á xerarquía aérea e ao goberno que manexaba todo desde as bambolinas.

Unha expedición, polo tanto, científica e rexeitaron explicar a súa intención real: dar con auga para evitar no futuro -se non se facía nada que o impedise- unha nova e definitiva guerra mundial.

1º Premio Narrativa

A auga era algo máis ca un símbolo de vida, algo máis ca un líquido sagrado; a auga era o ben máis arelado desde que a seca se fixera case absoluta por todas as latitudes do mundo. O capitán Barrows fora o elixido para esa cobizosa e temida empresa. Antes ca el, tres misións remataran de xeito tráxico e supuxeron unha mala imaxe para un Centro Espacial que non atravesaba, precisamente, os tempos de glorias pasadas. A imaxe que se ofrecera de homes pendurados do espazo, deambulando entre a gravidade, non se podía repetir baixo ningún concepto. Quizais pola súa preparación ou quizais polo desafiante peso do azar, o certo é que o capitán Barrows estaba destinado a converterse nun novo e necesario heroe. Tivera unha completísima formación en enxeñaría espacial, dominio da ingravidez, xenética dixital e, sobre todo, en algo inédito: a súa cabeza estaba preparada para carecer de sentimentos. Debía de amosarse en cada intre como o chumbo. Por iso estaba alí. Os momentos finais de preparación foron os peores, malia que sabía que non podía perder os nervios, o seu carácter, aparentemente tranquilo, constituía unha das súas mellores bazas. Entre esas lembranzas volveron chamalo e desta vez non se quixo adiar. Ergueuse e tentou seguir pensando no que fora a súa vida ata entón. Sabía que o despegue o estarían a ver en medio mundo, pero só tiña na cabeza aos seus veciños da aldea e a todos aqueles que o axudaron a chegar ata alí.

-Abure, capitán.

Evitou calquera ollada e apurou ante o lugar de despegue entre grandes apuros. A multitude recoñecía ao seu heroe.

Cando xa se atopaba concentrado dentro da nave lembrou que estaba a piques de conquistar un longo soño.

-Marte é o planeta máis parecido á Terra. O seu nome procede da cultura romana que así denominaban ao deus da guerra e por esa cor avermellada, sanguenta, puxéronlle ese nome. Houbo ríos, hai montañas, restos de actividade volcánica. Estou seguro de que existe algún tipo de vida.

Lembrou a un profesor do colexio Maristas, en Lugo, que tiña aqueles dentes tan negros e que se ría tapándose a boca coa man sen que por un segundo deixara de acender un e outro cigarro aos que non paraba de darlles un par de caladas para logo guindalos na papeleira ou, tantas veces, no chan, o que aproveitaban os seus alumnos para, cando se marchaba, recoller as cabichas e fumar os primeiros cigarros, máis que nada, como forma de rebeldía, de acceder ao prohibido.

Don Tomás foi a primeira persoa a quen lle escoitou proclamar con seguridade que en Marte podía haber vida e desde entón, só quería comprobar

por si mesmo que era verdade. Tiña cavilado en que podería ter unha cabina baixo un cráter e co tempo unha piscina.

Deixando as quenllas do pasado, observou por derradeira vez, á multitude e pediu autorización para o despegue. Coñecía á perfección a sofisticada cabina de mandos. Case non se decatou da saída, dese regueiro azul que deixou sobre o ceo. Nada e todo; todo e nada.

Lembrou, e ata foi cantaruxando, unha canción que aprendeu neses tempos de buscador de estrelas, que non cazador porque un día cun tiracroios quería guindarlle unha pedra á Estrela do Norte. A súa madriña díxolle que non o fixese, que a podía mancar para ensinarlle unha cantiga que volvía a el:

*Póñome a contar estrelas
e a botalas no sombreiro,
nunca podo dar conta de todas elas
ata que vén o luceiro.
Reparo nunha delas, a do Norte.
Aluméame, aluméame,
estrelíña de fartura,
aluméame, aluméame,
mentres non ven a lúa,
aínda que ben sen que estrelíña
de moitos amores
só dorme cando o leito está cheo de flores.*

Naqueles días, dixéranlle que non podía ollar tanto para as estrelas, que por cada unha que observaba, era unha espulla na faciana. Tanto lle tiña e aquelas verrugas viñan ser o seu pasaporte, folla bautismal. Tamén lle advertira a súa madriña sobre a presenza dos tronantes, homes que camiñan espidos entre as brétemas e aue adoitan ser feos coma croios, peludos e con moito medo a certas mulleres aue de contado os poñen no seu sitio.

Andan sempre ao axexo e listos para actuar, para descargar raios, tronos, pedrazo e acabar cunha colleita. Elevados sobre as nubes mexando sobre o po no camiño ou meténdose nunha fonte na que forman un remuíño para logo, xa no ceo, producir tronos co balbordo dos seus zocos ou coa caixa de ferramentas que a cotío levan.

No caso de atoparse con algúns? Saudalos, pregarlles que non amolasen máis da conta e que se fosen esquecendo que lles ía guindar algo para comer, sabedor de que os tronantes, ademais de armadanzas, son grandes lambóns.

Entre tantas lembranzas, da viaxe a lume de biqueira non lembrou nada, porque cando saíu do centro inxectáronlle uns gramos dunha substancia somnifera da que non lle confiaron a súa composición. Desde que notara

1º Premio Narrativa

que estaba chegando ao final dunha misión, para a que fora escollido con milimétrica precisión, os segredos multiplicábanse. Era mellor ser completamente impasible. Chegou un momento en que deixou de facerse preguntas, posto que se cometía ese grave erro daba sempre con algunha voz, con algunha faciana, que se convertera en familiar, malia a distancia que os separaba e que lle dicía:

-Iso a vostede non lle interesa.

Tanto tiña que o seu corpo tivera que ser sometido a extremas sesións de raios láser ou que o trasladaran continuamente dun lugar para outro, tanto tiña, porque para eles non era máis que un monicreque. Un tubo de ensaio no que o introducían tal fose un coello de indias. Naquela etapa de formación sentiu a dor de ver como lle arrincaban anacos da súa pel, da súa vida. Unha vez tivo a coraxe de realizar unha serie de preguntas que soaron a inocencia en estado puro, a retórica: estará o universo tan só como eu... será o cosmos un longo carreiro azul que nos leva a unha habitación deshabitada ou a cornixa que nos ofrece unha paisaxe para vencer o desalento dos días de febreiro?

Cando pensaba en todo aquilo durante as horas de lecer nos dous anos de formación na NASA adoitaba aparecer un instrutor que lle rifaba con faciana gótica.

-Sei o que está tramando. Está soñando. Mellor lle resultará, polo seu ben, que se esqueza de todos os paxariños que se amorean na súa cabeza.

Todo foi tan rápido que só lle deu tempo a escoitar a conversa que mantiñan desde a torre de control e que era un xeito de sentirse vivo. As palabras dábanlle folgos xa que no espazo os días pasaban con enorme velocidade sen reparar en nada especial. Tan só se dirixían a el para darlle ordes que xa escoitara medio durmido en infinidade de ocasións.

-Capitán, ao chegar o seu destino recibirá novas instrucións. Mentres tanto todo se mantén segundo o estipulado. En caso de que non se comunique coa base, non faga nada. Agarde a recibir novas ordes. Boa viaxe, felices soños.

O único método para comportarse como un rebelde camiñante de estrelas era tentando manterse esperto, pero non conseguiu facer nada, xa que os somníferos que lle deron ao partir resultaron plenamente eficaces. Era un home teledirixido.

A medida que a conta atrás poñíase en marcha, foi facendo un rápido balance da situación, á que lle ía collendo o tintimán.

Cinco: era o único tripulante.

Catro: non sabía se ía voltar.

Tres: o destino era un vello anxeio, algo interesado para os que mandaban, un solo para el.

Dous: a curiosidade e o seu esforzo contracorrente leváranos alí.

Un: máxima concentración, a nave estarrícase do chan para ir ao encontro coas estrelas

Non mirou á Terra. O que o esperaba adiante, fose o que fose, sería máis grande ca todo o que deixaba atrás.

Durante a viaxe o seu cerebro estaba programado para que o despertar non lembrase ningún soño, para evitar así que se estremecera, pero algo fallou e foi plenamente consciente de dous pequenos soños. Nun deles aparecía con naturalidade unha gran nave que baixaba dun ceo neboento no que apenas se albiscaba un mínimo clarear. Quizais como a historia que lle contara o seu avó.

A nave aterrou e descenderon por unha improvisada escaleira uns homes que medían pouco máis de medio metro. Tiñan un nariz avermellado, como si se excederan co viño de pasas e levaban unha gorra de béisbol cunha serpe debuxada na parte superior da viseira sobre a que sobresaía un anaco de pelo cor púrpura. Baixaron e correron detrás de algo que non identificou plenamente; a medida que avanzou o soño puido ver que eran unicornios de grandes dentes aos que cazaron eses homiños cun lazo que guindaron contra as súas cabezas, ao xeito das vellas películas do oeste. John Wayne non o tería feito mellor.

No outro soño el era o protagonista absoluto. Víase como un neno que xogaba nunha praia de areas mouras e que facía grandes castelos con torres de ameas ás que subía para ser un sentinela de toda a zona. Se cadra, a praia de Area en Viveiro ou As Catedrais de Ribadeo, onde se dera os primeiros baños hai máis de trinta anos nos arredados días das tormentas de verán. Cando quixo reunirse cos seus pais, non os atopou por ningures, ata que decidiu seguir as pegadas sobre a area mollada que, non tiña dúbida, pertencían a súa nai e que recoñeceu con total certeza. Conducírono á auga. Seguiu e seguiu camiñando polo fondo do mar sen erguerse á superficie, buscando os seus pais, entre as algas, debaixo dun peixe que imitaba o comportamento dunha cuncha, ata que, finalmente, albiscounos sobre unhas rochas recubertas de polbos e de luras. Facíanlle sinais para que os fora axudar, porque quedaran atrapados. Tentouno, pero ficou suxeito ao tentáculo do que debía ser unha lura xigante, caendo nunha foxa da que non podía saír. Alí no fondo era imposible salvar os seus pais. Estaba escuro e só conseguiu fuxir cando de novo espertou.

1º Premio Narrativa

Eses dous soños fixeron que a longa viaxe pasara nun salouco. Comportábase con total profesionalidade e recrearse nos seus soños foi tan só un pequeno acto de rebeldía. Espertou cando estaba concluíndo a viaxe, tal e como estaba programado. Sentíuse como se lle deran unha malleira e o primeiro que comprobou é que todo marchaba ben. Ningunha novidade, ningún cambio no rumbo previsto. O importante é que xa se albiscaba Marte.

A medida que se achegaba comprobaba o seu aspecto de elipse, dun balón de coiro semellante co que xogaba de cativo e que estragaba as botas polo duro que estaba. Puido albiscar ríos secos e dunas de area de cor marelo. O que máis lle preocupaba era aterrar nun lugar que estivese ategado de cráteres e cunha superficie consistente que evitara calquera problema. Dirixiu a nave cara un lugar seguro e nun recanto.

Acababa de aterrar, de cumprir o seu gran soño; estar nas carrouchaa. Comprobou as características atmosféricas de Marte: o dióxido de carbono, o nitróxeno e o vapor de auga nos niveis habituais o que apuntou na palma da man que estaba preparada para arquivar todo tipo de datos a través dun complexo sistema informático. A man esquerda era o soporte do que ditaba a dereita despois dun minucioso proceso de observación.

Abaneouse polo forte vento que sentiu a pesares do robusto traxe que o protexía e co que se sentía un cabaleiro do Rei Arturo por unha xeografía na que en realidade non era máis ca unha faragulla de pan. Nin sequera podía notar a temperatura a cen graos baixo cero.

No momento de realizar un provisional balance, cando por fin se confirmou de que se atopaba en Marte, comprobou no ordenador da nave que non saíra do rumbo previsto.

O seu particular caderno de bitácora estaba formado por unha ascendente liña amarela que indicaba o itinerario seguido pola *Mercury One*. Tamén amosaba o tempo empregado para a travesía: 458 días e 12 horas. Algo máis do agardado, segundo os cálculos determinados desde había catro anos polo amplo equipo formado para facer realidade a *Misión Blue*.

Desactivou o sistema informático incorporado na man logo de rexeitar as múltiples opcións que ofrecía, entre elas acompañalo no seu percorrido ou ir almacenando todos os pensamentos que se reuniran naqueles dous longos soños que, ao lembralos constituían o testemuño da súa rebeldía. Non quería estar sometido a aquel férreo control, quería desfrutar plenamente do seu momento. Situouse na zona coñecida como Olympus Mons, un enorme volcán con máis de vinte quilómetros de altura e cuns acantilados aos que non sería capaz de achegarse. Enriba del, os satélites Fobos e Deimos. Os dous cos días contados. O primeiro, con preto de trinta quilómetros de

extensión, podería quedar esnaquizado polo planeta vermello, mentres que o segundo, coa metade de extensión, as previsións científicas indican que rematará por independizarse e transformarse, mentres muda de órbita.

Non acontecera, polo que sentía o privilexio de quen toca algo por vez primeira, quen enceta a topografía do non desvelado. Aquel lugar estaba completamente baleiro. Se en algo non fallaba o capitán Barrows era na primeira ollada esculcadora, xa que posuía certo don da providencia. Esa crenza era algo máis que un impulso sensorial, aínda que o debía corroborar cunha análise científica. Púxose á tarefa. Subiu de novo á nave e baixou dentro dun robot explorador, que tiña o aspecto dun todoterreo que anunciaban hai unha chea de anos na televisión, naquel momento, pareceulle pertencente ao mesmísimo Plistoceno. Bautizou, o que malia o seu aspecto, constituía un prodixio de avance tecnolóxico que tardaría moitos anos en ser superado, co nome de Cascuda de Ferro, que lle resultaba un nome máis próximo que o de Mercury One a nave que o levara ata alí.

Comezou a andar a tropezóns ata que, de súpeto, parouse. Baixou, e non soubo como reaccionar, desde logo, pensou, a situación non se arranxa cun cambio de aceite nin con darlle unha patada no que debía ser o corazón artificial do vehículo. Por uns instantes, alporizouse. En toda a dilatada formación que recibira ata os 34 anos, co fin de convertelo nun home do espazo, non lle ensinaron como solucionar os pequenos atrancos aos que agora debía facer fronte. Pero se unha virtude tiña o capitán era a de non se deixar atrapar na tea de araña do pesimismo. Era un optimista nato e non se dobregaba ante nada. Esquécete dos malos agoiros, era a especie de lema que levaba gravado no ombro esquerdo e que o tiña ben metido nos miolos. O robot debeuse estragar por atoparse con algunha rocha baixo a area. Deixou o vehículo naquel outeiro inhóspito e principiou a camiñar sen deixarse de facer unha mesma pregunta: se todo isto é exactamente igual, como se volve ao punto de partida? Por un momento esbozou un tímido sorriso e desbotou converterse nun Polgarciño galáctico, posto que non tiña faragullas de pan nin se consideraba tan inocente. O capitán Jack Barrows buscou unha rápida resposta para a súa pregunta e dixo en alto, como se tivese atentos oíntes:

-Se unha pregunta non ten resposta, o mellor é non facerse esa pregunta.

Sentiuse perdido; todo era semellante, nada variaba e comezou a desacougar-se cando comprobou que o seu corazón latexaba a un ritmo desorbitado. Preferiu non realizar ningún tipo de anotacións malia que lle gustaba ser metódico no seu comportamento e dar conta do que acontecía diante dos seus ollos, tal e como lle esixían no Centro Espacial. O problema era que a paisaxe non a podía describir como exuberante ou rica en matices, máis ben era tan desoladora que non permitía nin tan sequera deixar flotar

1º Premio Narrativa

a imaxinación. Mediu o vento, recolleu unha enorme variedade de mostras do chan e non parou de camiñar con certa incredulidade.

Diante de nada... enmudecía por momentos. Como vencer a falla de interese? Non perdendo a perspectiva, lembrando onde estaba e sendo merecedor da confianza que depositaran nel, o que lle facía sentirse orgulloso. Pasaron os minutos, as horas, aínda que o tempo; cavilou, era algo absurdo naquela situación.

A primeira noite foi a que se lle fixo máis costa arriba. Non é que tivera medo, pero notouse especialmente canso e quizais tería que estar alí máis tempo do previsto. Facía tanta calor que só conseguía solucionar o perfecto estado térmico que se mantiña na nave, á que non quixo regresar para non atrasar o seu traballo. O máis difícil de levar eran as cuestións do día a día, especialmente as referidas á alimentación, malia que antes da viaxe xa estaba afeito a un tipo de dieta habitual en todo astronauta.

Levaba varios días comendo aquelas pastillas que non tiñan ningún sabor, ese era o seu gran mérito. Polo padal baixou unha especie de filete de xeo que contiña unha infantería de calorías, pero que non era precisamente unha boa razón para que se reanimase o seu maltreito estómago.

Rexeitou mentalmente o que seguramente o conduciría pola senda da desesperación, permaneceu sereno e seguiu os consellos que lle ordenaron cumprir estritamente no Centro Espacial Lyndon B. Jackson: manteña a cabeza libre de tentacións e cuspa vostede os pensamentos que o tenten arredar da alta misión para a que foi encomendado.

O capitán Barrows, que sempre respectaba e cumpría os consellos dos superiores, era todo un sentimental e non puido resistir a tentación de pensar na empanada de millo que preparaba a súa nai todos os domingos de festa ou no lacón con grelos que lle ofreceran como despedida os seus veciños no único restaurante da comarca.

Sentiu mágoa por si mesmo, por non ser merecedor da confianza que depositaran nel e sabía que estaba violando unha das leccións máis inquebrantables que lle deran: ter a cabeza ocupada en algo nada práctico, perder o tempo soñando, volver o seu pasado, e, moito menos debía pensar no seu pequeno país. Continuou rastrexando en todo o que significase algo de nostalxia e lembrou o olor que desprende unha cociña, que se percibe detrás dunha porta entreaberta; o asubío que provoca a crista dunha onda cabalgando sobre o mar, e, sobre todo, sentiu nostalxia da aperta dura e próxima dunha muller descoñecida.

Unha vez máis, notou o desacougo que produce non estar cumprindo coas súas obrigas, pero era inevitable. Fronte ás emocións aínda non existía nin-

gún remedio, só a loita secreta para que non abrolle o misterioso país da soidade.

Seguiu camiñando cada vez con maior cansazo, cos días que se amoreaban nas súas costas e non quixo continuar violando un dos preceptos cos que empezaba as súas clases o profesor Robert Caufield, o que chamaba o primeiro mandamento de quen teña a ousadía de alcanzar as estrelas.

-Un astronauta endexamais -salientou con gañas esta palabra- se deixa vencer polos sentimentos. Debe borralos e esquecelos.

Quixo afastar os recordos, as arelas coas que chegara ata alí, para manter a cabeza completamente fría. Colleu unha pedra e lanzouna con moita forza, pero foi parar ao mesmo lugar no que se atopaba. Os pés pesábanlle como se estivese tirando dun cargamento de plutonio e de aceiro.

Tremía de frío. Non lle viría nada mal o groso xersei de la co que pasaba os longos invernos da súa infancia nos que soñaba con ser astronauta. Tivo que volver á nave, xa que a pequena manta que puxera sobre as costas levouna un refacho de vento. As primeiras conclusións eran que nos cinco días que levaba non atopara auga, pero aínda faltaba moito terreo por percorrer. Cando xa perdera toda esperanza puido ver, entre a mesta néboa que se mesturaba co po, unha pequena pucharca recuberta dun xeo azul que se lle pegou aos dedos cando quixo recoller unha mostra.

O forte e insistente frío provocou que o sistema de comunicación coa terra non funcionara. Tardarían dous días en mellorar as penosas condicións climatolóxicas que foi cando, pasado ese tempo, o espertou unha voz que se escoitaba nunha pulseira que estaba conectada ao proceso informático da nave.

-Estación Central. Comunicando coa nave *Mercury One*. capitán Barrows, sabemos que está ben. Chégannos as coordenadas do seu comportamento cerebral, por favor, pónase en contacto inmediatamente con nós. Temos unha gran confianza en vostede. Somos conscientes do seu gran esforzo e amosámoslle a nosa máis sincera felicitación polo seu exemplar comportamento. Só lle pedimos, repito, o lugar exacto onde se atopa. Logo, explíquenos todo o que está vendo.

O capitán Barrows non quixo contestar aquela chamada. Sentiuse farto de tantas ordes, de que non o trataran con respecto, como unha persoa con sentimentos. Non era un monicreque e só quería gozar de ter chegado a un planeta que lle resultou estraño e fermoso ao mesmo tempo. Gustaríalle que o viran os seus pais e ollando cara o ceo, saudou coa man:

1º Premio Narrativa

-Agora estou máis preto de vós. Non foi doado, pero sabía que tiña que acadalo. Temos que voltar ser os que fomos, na Terra só hai amargura e cobiza, boto en falta cando eramos uns principiantes.

Camiñou a modo e liberado. Volveron poñerse en contacto con el:

-Urxente, urxente. Estación Central precisa coñecer o lugar exacto onde se atopa a Mercury One. É de vital importancia.

Era o seu momento; o momento para estar só e que ninguén o perturbase a tanta distancia. Sabía que estaba só naquel lugar estraño e que ninguén faría nada para axudalo. Desconectou o sistema computadorizado da nave, colleu o prismático infantil que sempre levaba cabo del. Ollou cara a Terra albiscando o seu cativo mundo; a cativa aldea na que se vía xogando entres os soutos, recollendo castañas e volvendo a soñar con chegar máis alto ca ninguén.

Antes, detívose no ceo de Marte que tiña unha fermosa cor verde moi semellante a unha das algas aue recollía na praia cando era un pícaro e que poñía sobre a cabeza a xeito de perruca. Fitou cara o Universo, mar de estrelas, que podería estar formado por billóns ou trillóns de galaxias. Só na nosa, podería haber un trescentos millóns de planetas potencialmente habitables. Non tería tempo de coñecer ningún deles, saudar a algún irmán estelar. Sen tempo para deixarse abraiar.

A Vía Láctea ten sobre catrocentos mil millóns de estrelas que estaba deseando ver, como cando era un neno. Buscou a Sírio, con ese azul cobalto que escintila na parte inferior de Orión e que se deixa ver especialmente cara o inverno entre un vento que abanea as pabeas para deixar á vista unhas espigas que agardaban para ser recollidas. Víase pasando o camiño do Xerbolés, onde se retirou un cabaleiro medieval que logo de moitas vitorias en terras arredadas, foi premiado polo rei cunha lúa de catro estrelas e o señorío duns cómaros onde tributaban con feixes de millo que recollían a montes e moreas coa suor do peito gralleiro. O antigo guerreiro foise enguedellando coa lúa que estaba ao seu servizo, tras moitos anos falando con ela. Aquel cabaleiro debía habitar no cosmonauta con saudade daquela aldea co lumbrigar sobre tellados de lousa verde. Podía bisbar unha montaña, coñecida como Olimpo, case tres máis alta ca o Everest, un volcán en *stand by*, que para el tiña a forma do picouto da Escrita, o piago no que batuxaba de cativo. Ese pozo que volveu ver nun relanzo, espello de estrelas que se situaban ao rente dun nimbeiro que debía ser o lugar, ese planeta vermello tan arelado, onde se atopaba el. Pechou os ollos para enxergar a casa na que abrollaron os soños estelares; o primeiro lar, gume dunha navalla que peneira o descoñecido; o imposible.

Entre o fuscillo e o ceo verde, o capitán Barrows, estaba de regreso a casa.

Ricardo Cano García



Ricardo Cano García naceu en Gijón (Asturias) en 1964. Medrou en Madrid e actualmente vive en Zaragoza, aínda que a súa profesión —é coronel do Exército do Aire— o levou a percorrer España, tendo vivido tamén nos Estados Unidos e en Noruega. No seu haber conta co Premio Defensa 2001 a traballos de estudo e investigación.

Apaixónanlle a informática e as carreiras populares e, desde 2021, ano no que probou a escribir un primeiro relato, a escrita creativa. Catro anos despois son dezaseis os premios recibidos no ámbito da narración breve.

El laberinto de cristal

Lema: Rotaunomi

En el parque de atracciones, 11 de marzo de 2000

Escuchó la voz por primera vez cuando apenas llevaba un par de minutos en el laberinto; uno de esos dédalos de paneles transparentes en los que la diversión consistía no solo en encontrar la salida, sino también en evitar los encontronazos con los cristales.

-A la izquierda. Continúa. Izquierda de nuevo. Derecha.

La voz tenía un timbre adulto y amable, y sonaba clara como la de la señorita María Luisa cuando explicaba en clase de música, aunque de las quince niñas que se habían reunido para celebrar el cumpleaños de Isabel y que reían y se atropellaban en el interior del laberinto de cristal solo ella parecía escucharla. No había, inicialmente, ninguna urgencia en esa voz; pero cuando ya la salida se adivinaba próxima, la señorita María Luisa dio paso a don Gerardo, que además de estar sordo debía de creer que continuaba en el ejército, y hacía de las clases de gimnasia una sucesión de órdenes en forma de gritos.

El profesor le exigía que se apresurara a salir:

-¡Continúa! ¡A la derecha! ¡Corre! ¡Más rápido!

Pero nadie puede correr en un laberinto de cristal, donde la salida se oculta entre espejismos, la barrera infranqueable surge de improviso, las vías muertas abundan y la distancia más corta entre dos puntos nunca es la línea recta.

Logró por fin acceder al exterior, llenando de júbilo a su hermana África. La pequeña había preferido permanecer con los adultos, junto a su madre, aunque no había quitado ojo al ir y venir de las niñas por el interior de la instalación. Teresa había sido la primera en salir, pero los gritos de don Gerardo no cesaban, llevándola al borde del pánico: el profesor parecía querer que también las otras abandonaran el laberinto, y ella temblaba de la cabeza a los pies, incapaz de reaccionar. Su madre advirtió la crispación en el rostro de la niña y se agachó preocupada.

-¿Qué pasa, cariño? -Y, justo en ese momento, algo grande y pesado golpeó junto a ellas a toda velocidad, para a continuación estrellarse contra el frontal de la estructura de cristal.

La atracción de *Los Autos locos* estaba situada a unos quinientos metros del laberinto, subiendo por la cuesta flanqueada de mimosas que conducía a la zona central del parque, donde destacaba, inmenso merced a una sabia perspectiva, *El Castillo Encantado*. Pese a lo que el nombre sugería, *Los Autos locos* era una atracción tranquila, en la que una docena de vehículos de época circulaban plácidamente por un circuito que recreaba distintos escenarios del mundo.

Fue la rueda de repuesto de un viejo *Excálibur* la que provocó el accidente. Se desprendió del costado del coche cuando este avanzaba junto a la torre inclinada de Pisa, rodó unos metros sobre la hierba corta hasta alcanzar el escalón que marcaba el límite del circuito, y voló hasta la calle principal, donde, convertida en un bólido, continuó rebotando cuesta abajo sin nada que interfiriera en su camino. Los peritos estimaron que, tras quinientos metros de descenso, su velocidad superaba los noventa kilómetros por hora, haciendo de ella un ariete mortal que golpeó los paneles de vidrio a una altura de un metro y medio, destrozando el frontal de la instalación. En el momento del accidente todas las compañeras de Teresa permanecían en el interior del laberinto, y muchas de ellas resultaron heridas de mayor o menor gravedad, siendo Isabel la que peor suerte corrió. El día de su décimo cumpleaños fue el último de su vida.

En casa de África, hoy. 09:32

Mi hermana Teresa es bienvenida en casa en cualquier momento. Pero un sábado, a estas horas de la mañana, y sin más aviso que el timbre del portero automático, su visita me hace sentir muy incómoda. Renuncio a intentar ocultar que me ha sacado de la cama; mi pelo, las ojeras y la bata lo dicen todo. Pero la sorpresa no ha hecho más que empezar, porque al abrir la puerta descubro que el aspecto de mi hermana no es mucho mejor que el mío. En su caso, lo que no puede ocultar es que ha estado llorando. Y rompe a llorar de nuevo mientras se arroja sobre mí, envolviéndome de hipos, lágrimas y sollozos.

Dos minutos después seguimos abrazadas en el recibidor, sin que una sola palabra inteligible haya salido de su boca.

–Venga, cálmate. Vamos a sentarnos y dime qué te pasa.

–A mí nada. ¡Es a ti!

–No digas tonterías. Yo estoy perfectamente. Vamos al salón y cuéntame lo que sea que te ocurre.

2º Premio Narrativa

Aún transcurren varios minutos antes de que se tranquilice lo suficiente como para explicar que, por algún motivo que no consigo comprender, ella *sabe* que una amenaza se cierne sobre mí.

–Es un sexto sentido. Tienes que creerme.

–Tendrás que explicármelo mejor. ¿Has desayunado? ¿Quieres que tomemos algo mientras me lo cuentas?

Ella niega con la cabeza, suspira, y comienza, por fin, a referir la que le atormenta.

–Siempre ha sido así. ¿Recuerdas el accidente del parque de atracciones?

Claro que lo recuerdo, pese a que yo solo tenía cuatro años. El laberinto de cristal fue desmantelado tras aquello, y su lugar fue ocupado por los coches de choque, por lo que yo nunca llegué a recorrerlo, pero el accidente se convirtió en una de esas historias que mamá repetía en cada reunión familiar, incrementando de un año para otro el tamaño de la rueda, el número de niñas y la gravedad de sus heridas. No era necesaria respuesta por mi parte, de modo que me limité a guardar silencio.

–Mamá te sugirió que entraras conmigo al laberinto, pero no quisiste. Fue una suerte que estuvieras tan entretenida con el algodón de azúcar. No quiero ni pensar qué podría haberte pasado si hubieras estado dentro.

–¿Y?

–Nunca lo he contado a nadie, pero allí ocurrió algo. Escuché una voz...

Esto es una nueva sorpresa. Teresa siempre ha sido la sensata, la que tiene los pies en la tierra. La fan de la *ouija* y las sesiones de espiritismo soy yo. Si alguna de las dos tiene que escuchar voces o recibir mensajes del más allá, es a mí a quien corresponde ese honor. Pero no voy a interrumpir a mi hermana ahora que ha recuperado el habla.

Continúa detallándome la conveniencia de ayudarse de las manos para avanzar por el laberinto, y la algarabía que reinaba en su interior. Tampoco ella es capaz de precisar el número de niñas que asistieron al cumpleaños. Nombra a siete u ocho, aunque asegura que eran más de diez; casi todas ellas me resultan desconocidas. Sin embargo, sí recuerda con precisión lo que experimentó allí dentro. Apenas había recorrido unos metros cuando reconoció la voz de la señorita guiándola hacia la salida. Al continuar avanzando descubrió que también don Gerardo había entrado a la atracción.

Y cuando comprobó que ninguna de sus amigas escuchaba los gritos del profesor de gimnasia, sintió terror.

Guardo silencio en espera de más detalles, pero eso es todo. Al parecer, la conmoción que mi hermana sufrió aquel día dentro del laberinto la afectó hasta tal punto, que la parte de la historia que yo conocía –la rueda, el estruendo del impacto, los cristales manchados de sangre y los gritos histéricos de los padres– apenas dejó huella en su recuerdo.

–Me salvé por esa voz. De no haber sido por ella, yo habría estado dentro cuando la rueda se estrelló contra los cristales. ¡Podía haber sido yo quien murió aquella tarde!

–¿Y nunca lo contaste a nadie?

–Eres la única que lo sabe.

–Es terrible. ¡Pero si eras una cría!

–Diez años. Tú tenías cuatro. Al menos yo he madurado, mientras que tú, ¡mírate!

Acepto el comentario con una sonrisa, porque se trata de una broma entre nosotras. Mi hermana no pierde oportunidad para hacerme notar el diferente modo de vida que llevamos: pese a ser la menor, fui la primera en dejar el nido para unirme a un grupo de teatro itinerante, y he cambiado de novio más veces de las que puedo recordar, mientras que ella prefirió estudiar empresariales y continuó viviendo en casa hasta el día en que contrajo matrimonio.

–¿Ni siquiera Arturo?

De nuevo niega con la cabeza. Aparentemente, Teresa acababa de revelarme un secreto que su propio marido –su pareja desde la época del instituto– desconoce, lo cual me enorgullece y me incomoda a un tiempo. Conozco bien a Arturo: ya son muchos años desde que entró en la familia, y estoy segura de que no le gustaría descubrir que su mujer le ha ocultado algo así.

–Hoy regresa de Londres. Su avión llega a la una –dice.

Arturo forma parte de la junta directiva de una multinacional con sede en la City, y sus obligaciones incluyen la asistencia a una reunión semanal en la capital británica. Antes iba y volvía los viernes, pero últimamente retrasa su llegada a casa al sábado, lo cual no parece tanto sacrificio cuando el sueldo es escandaloso y le permite regalarse lujos sin medida. Su último capricho es un Jaguar rojo fuego descapotable con tracción integral. Teresa lamenta

2º Premio Narrativa

que su marido no pueda dedicarle más tiempo los fines de semana, pero sus visitas, cada vez más frecuentes, a los mejores resorts del mundo sugieren que adaptarse a ese ritmo de vida no le ha resultado difícil.

-No sé cómo has podido vivir con ello.

-La verdad es que lo encerré en lo más profundo de mi cerebro. Creo que nunca lo habría recordado de no ser por lo del gimnasio.

Esa historia también la conozco, aunque en esta ocasión yo no estaba presente. "Lo del gimnasio" ocurrió hace cuatro años.

-¿Quieres decir que en el gimnasio escuchaste de nuevo esa voz?

Nueva Olimpia, 13 de mayo de 2020

Sus compañeras habituales no habían asistido, y ello había hecho que la sesión de zumba perdiera parte del interés. Además, pese a estar acostumbrada al ejercicio aeróbico, la secuencia escogida en esta ocasión por la monitora había resultado particularmente intensa, por lo que se encontraba agotada. La conversación entre dos mujeres que hacían planes para el verano indicaba que no era la única usuaria del vestuario, pero sus voces llegaban de una zona oculta a su vista, y la sala que ella ocupaba estaba vacía. Mejor así; pese a los meses que llevaba acudiendo al gimnasio, no había conseguido sentirse cómoda con su propia desnudez. Las mujeres pasaron ante ella para dirigirse a la zona de duchas cuando ya estaba terminando de vestirse, y segundos después su conversación quedó ahogada por el rumor del agua.

¿Había alguien más en el vestuario? Le había parecido escuchar a un hombre. Se apresuró a abrocharse la blusa, aunque lo más probable es que se tratara de alguien que pasaba junto a la puerta, de camino a la sala de cardio. Pero cuando la voz ganó volumen y le pareció sentir que sonaba *dentro de su cabeza*, todas sus alarmas se dispararon.

Se tensó sobre el banco, miró a izquierda y derecha buscando alguna presencia en el vestuario -hombre o mujer, no importaba, pero que fuera real- y permaneció inmóvil, atenta, sin respirar. Cinco segundos, diez... -Puede que no haya sido nada, estás nerviosa, eso es todo.

Entonces lo escuchó de nuevo, ahora con toda claridad:

-¡No hay tiempo! ¡Sal! ¡Corre! -Hannibal Lecter en pie frente a ella no le habría causado más pánico.

-¡Que corras he dicho! -La voz había crecido en volumen y en apremio, con una urgencia que habría hecho enloquecer a cualquiera.

-¡Corre! ¡Corre! -Y eso fue lo que hizo. Cogió la mochila con una mano y corrió como si su vida dependiera de ello, saliendo del vestuario y zigzagueando entre la jubilada que caminaba en la cinta continua y el adolescente que sudaba en la máquina de remo. Atravesó el pasillo, se las apañó para pasar por encima del torno que cerraba la salida, y abandonó el local a toda velocidad, ante la atónita mirada de la empleada que atendía la recepción.

La cámara que vigilaba el acceso a Nueva Olimpia registró su salida a las 11:34:18. La explosión tuvo lugar trece segundos más tarde.

En casa de África, hoy. 10:55

-¿Era la misma voz?

-No lo sé, pero la sensación sí era la misma. Algo sobrenatural, que escuchas tan claro como si fuera real, pero sabes que solo tú puedes oír. Sentí mucho miedo. Fue como volver a ser pequeña y estar otra vez en el laberinto.

La última frase la ha pronunciado entre hipos, y las lágrimas anegan sus ojos de nuevo. Supongo que los recuerdos deben de ser traumáticos para ella. La abrazo intentando que recupere la calma y caigo en la cuenta -y no sé cómo nunca antes había reparado en ello- de que el parecido de ese accidente con el del laberinto es aterrador, pues en ambos murió una persona. La diferencia es que en el parque de atracciones nadie reparó en mi hermana, mientras que en el gimnasio...

-¿Qué contaste a los policías cuando fueron a tu casa?

-Cuando me localizaron ya se sabía que había sido un escape de gas, y eso fue lo que les dije. Que había olido el gas, sentí miedo, y salí corriendo. Supongo que no me creyeron, pero tampoco tenían nada de lo que acusarme, y lo dejaron estar.

-Has hecho bien en contármelo. Pero todo eso pasó. Ahora no tienes por qué preocuparte.

-Hoy he vuelto a escucharla.

Mi corazón se detiene y estoy segura de haberme puesto blanca como el papel. Había olvidado que Teresa vino a casa por algo que me iba a ocurrir

2º Premio Narrativa

a mí. Todo lo que me ha contado hasta ahora no ha sido más que una introducción, y no estoy preparada para lo que pueda seguir.

En casa de Teresa, hoy. 08:37

Rocky había reconocido el ritual que precede al paseo matutino, que incluía una chuche como recompensa una vez colocado el arnés, y permanecía expectante junto a la puerta mientras Teresa terminaba de revisar el bolso. Amaba al perro casi como a su marido, y no le importaba ser ella quien se encargaba de la mayor parte de los paseos. Al contrario, el animal le hacía compañía durante las ausencias de Arturo, y por nada del mundo renunciaría a él.

Dio un último vistazo a su imagen en el espejo y ya se disponía a abrir la puerta cuando lo escuchó:

–*Deberías ir a casa de tu hermana.* –La correa del perro cayó de su mano.

–*¡A casa de tu hermana!* –sonó de nuevo en su cabeza unos segundos después, durante los que ella había quedado petrificada mientras el animal la deaba la cabeza sin dejar de mirarla. Esta vez no había urgencia en la voz, como si nada se ganara con correr, pero Teresa no pudo dejar de pensar que siempre que había escuchado la voz había ocurrido una tragedia.

–*¡A casa de tu hermana!*

En casa de África, hoy. 11:44

Llevo tres cuartos de hora intentando aparentar entereza y confortar a Teresa, aunque en realidad no sé quién de las dos tiene más miedo. He recurrido a toda mi capacidad de interpretación –para algo tenían que servir los años de teatro– para ocultar mi nerviosismo, y por fin he logrado que se relaje y vuelva a sonreír.

–*¿Y por qué iba a ser algo malo?* Esta vez no te ha dicho que corrieras, ¿no? Además, este piso está demasiado alto para que una rueda nos alcance, y no tengo gas; todo es eléctrico, así que estamos a salvo. No hay nada de lo que preocuparse.

–*¡Qué suerte tienes de ser tan positiva!* Aunque no sé si fiarme de ti. Eres capaz de irte a hacer puénting.

–*Quizá el fin de semana que viene. ¿Quieres venir conmigo?*

-¡Estás loca!

-Me ha encantado verte. ¿Sabes cuánto tiempo llevábamos sin estar juntas? Desde el día que me trajiste a Rocky porque tú y Arturo os ibais a París.

La mención al perro hace que mi hermana recuerde que ya son muchas las horas que su mascota lleva sin salir a pasear. Quizá debería regresar a casa. Me parece buena idea. Le aseguro que no saldré en todo el día y que la llamaré si noto cualquier cosa rara. Puede irse tranquila.

De camino a la puerta es inevitable pasar junto a la cocina, abierta de par en par. La botella de cava y las dos copas no pueden ser más reveladoras.

-¿Tuviste compañía ayer?

-Un viejo amigo del grupo de teatro; no lo conoces. -Mi tono es neutro, carente de cualquier emoción, pero no surte efecto. Ella se lleva la mano a la boca.

-¿Sigue aquí? ¡Por eso estabas en la cama! -Su voz ahora es apenas un susurro, y mi respuesta, un mohín pícaro.

-¿Todo este tiempo escuchándonos? Pensará que estoy loca. ¡Qué vergüenza! ¿Y no me vas a contar nada de él? Yo acabo de revelarte todos mis secretos y tú ¿ni siquiera me vas a decir el nombre de tu novio?

Nuevo mohín de complicidad, acompañado de una sacudida de cabeza. La puerta ya está abierta y mi actitud deja claro que no tengo intención de dar ningún detalle. Nos despedimos. Voy al balcón y espero; esto todavía no ha acabado. Una eternidad después ella sale del portal, avanza unos metros y se vuelve, levantando la cabeza hacia mí. Sonríe y le lanzo un beso. Ella reinicia la marcha. Un paso, dos, tres... Y se detiene en seco. No veo su rostro, pero sé qué es lo que mira. Aunque cuando vino a mi casa dos horas antes estaba tan nerviosa que no reparó en él, aparcado frente al edificio, desde anoche, hay un Jaguar rojo fuego...

Diego Fernández Fernández



Diego Fernández Fernández é documentalista e corrector editorial con ampla experiencia na xestión de arquivos hemerográficos e fotográficos, e na corrección estilística en prensa, especialmente no xornal *El Progreso* (2006-2019).

Desenvolve tamén un labor vinculado ao ámbito literario e cultural a través da catalogación de fondos documentais en diversas fundacións -como a Fundación Manuel María ou a Fundación Luis Seoane-, onde participa na preservación de arquivos e materiais ligados a figuras destacadas da cultura galega

Colabora ademais coa revista *Oceanum*, contribuíndo con contidos de carácter cultural e literario.

Destaca pola súa formación en documentación, servizos culturais e dinamización comunitaria, así como polas súas fortes competencias lingüísticas e editoriais.

Retrato de familia na véspera dun suicidio

Pseudónimo: Melinda Dacosta

Milagros

Non me gusta nada o vestido que me fixeron para a voda. É negro e moi feo. Non entendo porque mamá e máis eu temos que vestir de loito mentres que o resto van normais.

Mamama di que é por gardarlle respecto ó meu pai, para que dende o ceo vexa que nos lembramos del. A min por moi negra que me poñan a roupa non se me vén á cabeza ningunha lembranza súa.

Se cando el morreu eu era moi pequena! Como me vou lembrar dunha persoa á que case non coñecín? Ben podían decatarse diso e deixarme vestir con roupa de cores, aínda que so fose hoxe para a voda da tía Milagros.

Ademais, téñolles escoitado moitas veces dicir que papá era “roxo”. Non sei a que se refiren con iso, pero imaxino que será porque a el lle gustaba moito esa cor. Sendo así, seguro que dende o ceo preferiría que mamá e máis eu vestísemos doutro xeito!

Tampouco me gusta nada como me puxeron o pelo, parezo unha ovella. Onte chorei polos tiróns que me daba a tía Alma mentres me enrolaba uns cousiños de madeira. Despois fíxome gracia ver a miña cabeza toda chea de pauciños que cando me movía chocaban uns cos outros facendo ruído.

Pero esta mañá cando mos quitaron e vin o resultado...armeina boa! Púxenme a berrar como unha descosida dicíndolles que eu así non ía a ningures, que me daba vergoña que as nenas da escola puideran verme de camiño á igrexa e se mofasen de min porque parecía un paiaso.

Tentei meterme debaixo da cama, como fago cada vez que teño unha perrencha, pero Mamama tirou de min por unha perna e ameazou con darme unha chaparreta, mentres eu choraba cada vez máis forte. Menos mal que nese intre veu o tío Ponce e díxolle que fose atender a outras cousas, que xa se quedaba el comigo.

Tratou de calmarme dicíndome que estaba moi linda e que co cabelo rizo parecía a princesa dalgún país de lonxe. So me convenceu cando me dixo que na cociña as serventas estaban a preparar bandexas con canapés e pas-

teliños, que se non facía barullo e disimulaba seguro que podía coller algún sen que ninguén se dera conta.

Aínda faltaban un par de horas para a cerimonia, mais pola casa adiante xa andaban algúns dos convidados. Mamama e a tía Esperanza estaban na salía, amosándolles a unhas señoras os agasallos que foran chegando nos días pasados. No despacho, o avó, o tío Ponce e un par de homes fumaban e bebían dese licor escuro que unha vez, sen que ninguén me vise, probei e rematei cusbindo no testo dunha planta porque sabía a raios.

Estaban todos tan entretidos que non repararon en min. Foime doado chegar á cociña. Enriba do mesado había dispostas varias bandexas con larpeiradas. Unha das serventas díxome que collese un pastelíño e que liscase, non fora a ser que me queimase coas cafeteiras que estaban ó lume.

Metín un na boca e con cada man collín dous máis. Andiven pola casa lambendo neles até que cheguei ó cuarto onde mamá estaba axudando á tía Milagros a vestirse.

Cando abrín a porta e a vin co seu vestido de noiva quedei pampa. Ela si que parecía unha princesa e non eu! A ela si que lle fixeran un peiteado xeitoso, cunhas ondas que remataban nun recollido na parte baixa da cabeza, e non a min que me deixaran feita un pompón.

Das tres irmás de mamá, a tía Milagros é a máis guapa. Tamén é a máis nova e a máis presumida. Téñoa visto botar horas a mirarse diante do espello, botándose cremiñas na cara e peiteándose a melena.

Tamén é a que menos caso me fai. Nunca xogou moito comigo. So comezou a facerme caso ó coller mozo. Para que a deixasen ir con el poñía de excusa levarme de paseo. Pero antes diso, nunca se lle dera por ter conta de min.

Ademais, sempre me rifa cando me cacha xogando coas pulseiras e colares que garda na cómoda. E nunca me deixa botar ningún dos seus perfumes, e mira que ten ben deles!

Se alguén me preguntase cal é a persoa da familia á que menos lle quero, respondería sen pensalo que á tía Milagros. Aínda así, agora que a vexo con ese vestido tan lindo non me queda outra que recoñecer que é a noiva máis guapa que vin na miña vida.

Soledad

Tanto me ten que Soledad se enfadase comigo porque lle berrei á nena. Acaso ela non vía que andaba fedellando no meu veo de tule? E seguro que non tiña

1º Accésit Narrativa

as mans limpas, que as traía pegañentas de andar remexendo en calquera cousa. Porque esta nena é coma un perico que se mete en todas partes.

Eu xa sei que non pode ser doado criar a unha filla sen pai, e que malia a axuda que lle damos todos os da casa ó final a responsabilidade da cativa recae exclusivamente nela. Pero bueno, que a culpa de tal situación é da propia Soledad, por terse enguedellado cun “roxo”.

E logo non podía ter casado mellor? Sendo como é a filla dun empresario podía aspirar a algo máis, e non terse fixado nun obreiro que andaba sempre boureando nos mitins dos republicanos. Non me estraña que cando pasou todo, el fose un dos primeiros da vila en ser levado preso.

De nada serviu que papá tratase de buscar recomendacións até debaixo das pedras para ver se podía mellorar a sorte do xenro. A ese rapaz xa lle dítaran sentenza antes de prepararlle o xuízo. E non digo eu que non o tivera merecido. Pero por culpa del, agora miña irmá ten que apandar coas consecuencias para o resto da súa vida.

A min dame mágoa Soledad, porque aínda é unha muller nova e guapa, e de seren as cousas doutro xeito ben podía casar en segundas nupcias e darlle un pai a esa nena, que boa falta lle fai. Pero claro, visto o panorama, ningún home serio ía querer xuntarse coa viúva dun “roxo”.

E así anda ela, apática, tristeira e enloitada de pés a cabeza. Mesmo hoxe, mentres me axudaba, tiña unha cara longa que máis parecía que me estaba amortallando ca vestíndome de noiva!

Pero volvo a repetir que a culpa do seu destino tívola ela, por buscarse ese marido. Xa podía ter feito coma min, que vou casar cun dos mellores partidos de toda a vila. Un rapaz con estudos universitarios, que o día de mañá herdará a farmacia do seu tío. Ademais de parte das rendas que teñen seus pais.

E a boa parella que facemos, tan guapos os dous! Eu ben me decato de como nos mira a xente cando nos ven paseando xuntos pola Alameda, da cara de envexa que se lle queda ás outras mozas da vila ó cruzárense con nós. Como rabiarán hoxe cando me vexan vestida de noiva!

Porque claro, para ir dende a nosa casa até a igrexa temos que cruzar toda a praza, e de seguro que haberá moita xente por alí. Ademais, que papá é unha persoa importante na vila e haberá quen se achegue a darnos os parabéns. Mesmo avisou ó fotógrafo do xornal para que nos saque retratados no próximo número.

Xa devecía porque chegase este día! Tardábame poñerme o vestido que me fixo Esperanza, que non pode ser máis lindo e con ese veo de tule tan delicado...como para deixar que o estragase a nena! Que ganas teño xa de entrar na igrexa do brazo de papá e que todos me vexan!

Alma

Na casa dixen que ía tirando cara á igrexa para darlle os últimos retoques ás flores. Pero non era así. As flores non tiñan dúbida ningunha, deixeiñas máis ca preparadas onte á tardiña.

O que de verdade quería era estar eu soa coa virxe. Falar con ela e que me escoitase sen que o barullo da voda lle impedise sentir as miñas palabras. Quería que non houbese ninguén na igrexa, que a virxe me ollase so a min, como tantas outras veces. Que vise o meu desacougo e que coa súa mirada de compaixón e o seu leve sorriso me ofrecese un pouquiño de tranquilidade.

Cantas veces, santiña, me viches do mesmo xeito e me ofreciches o teu consolo! Cantas horas paso ó teu carón, buscando na túa compañía a calma que non atopo noutro lugar!

Refuxiarse na relixión é algo que fan moitas mulleres ás que, coma min, o paso dos anos sorprendeu sen atoparen un home ó cal unirse.

Mais eu non son exactamente ese tipo de muller. E son consciente de que no meu caso, o feito de buscar o acubillo da virxe é máis un bálsamo expiatorio ca un xeito de combater a solteiría.

E non podo evitar que a voda de Milagros remexa dentro de min cousas que non me gustan, sensacións que loito por desterrar fóra do meu corpo. Sinto envexa. Por máis que queira evitalo resúltame imposible non sentila. Pero non sinto envexa da miña irmá. Ogallá fose así. Iso podería arranxalo confesándome e asumindo unha boa penitencia de rezos.

Quen de verdade me dá envexa a min non é ela. É o seu mozo, que vai casar cunha rapaza nova e fermosa. Envéxoo a el. A el e a todos os homes que teñen a sorte de xuntar os seus beizos cos dunha muller. Ós homes que poden estreitar nos seus brazos o corpo grácil e lene dunha moza. Ós homes que cada noite descansan a súa cabeza na regalía dun peito feminino.

Estes sentimentos que eu teño non poden confesarse, non terían comprensión humana. Tan so podo confiarllos á virxe. Ter fe na súa benevo-

1º Accésit Narrativa

lencia. Pregarlle caridade para que obre un milagro dentro de min e me ceibe deles.

Miña santa! Sería tan feliz se me liberases de todos eses pensamentos que ás noites acoden a min e fan que me retorza no leito sen apenas pegar ollo.

Pensaba que co tempo o meu espírito iríase tranquilizando. Que ó deixar atrás os ímpetos da xuventude chegaría o acougo á miña vida. Lonxe de ser así, cada día sinto como o lume que teño dentro me queima con máis forza.

Resúltame difícil convivir a diario con esta desgraza. A todas horas estou inventando oracións para ter así a mente ocupada con outras ideas. Pero hoxe, o día da voda da miña irmá, fáiseme especialmente complicado non evidenciar a miña frustración. Non hai xeito de disimular a inqueda que me sacode de arriba a abaixo. Por máis que eu queira, o único que me define é a amargura de sentir en min unha paixón errada.

A carraxe que me dá sentirme así fai que aperte os puños, tan forte que crebaría os aneis no caso de os levar. As bágoas que non son quen de reter esvaran ardendo pola miña cara, até chegar ós meus beizos que tremen mentres lle rezo á virxe.

Será mellor que trate de recomponerme denantes de que comece a chegar xente á igrexa e me atopen así. Por nada do mundo quixera estropear a voda de Milagros. Teño que estar contenta por ela e tentar que o día de hoxe sexa un recordo feliz para os anos que veñan por diante.

Rabecha

Non me estraña que a nena se encabuxase tanto esta mañá. A verdade é que a puxeron horrible. Os rizos que lle fixeron no pelo tápanlle a cara toda e fan que pareza un can de augas. E o vestido que lle fixo Esperanza asemella un saco escuro.

Comprendo que Soledad sendo unha muller viúva vista de negro, pero obrigar tamén á nena a ir de loito a min non me parece normal. Pero na casa ninguén di nada, e así vai a nena vestida coma unha vella.

Lóxico que esta mañá berrase dicindo que non ía á voda con esa facha. Menos mal que eu conseguín tranquilizala dicíndolle que lucía coma unha princesa. Senón chego a convencela teríamos que levala á igrexa arrastrada. Tal e como é a cativa!

Xa no berce víase que ía ter xenio, e así foi. Ben lle acae o alcume de Rabecha, que lle puxen eu mesmo e polo que a coñecemos todos na casa.

Que a nena colla tantas perrenchas é responsabilidade nosa, xa que lle damos moitos mecos. Tampouco podía ser doutro xeito. A pobriña tivo a desgraza de perder a seu pai sendo moi pequena. Así é normal que todos miremos tanto por ela.

Hai veces que non teño claro se Rabecha ve en min ó seu tío, a un irmán maior ou mesmo a seu pai. Por idade non podería ser filla miña, xa que so lle levo dez anos, pero despois de papá a única figura masculina que hai na casa son eu. Ás veces eu tampouco sei se a vexo como unha sobriña ou unha irmá pequena.

Véndoa agora sentada ó meu carón na igrexa, tan formaliña, non parece a mesma nena que esta mañá ameazaba con non vir á voda. Aínda me lembro do día que naceu, tamén berraba coma unha condenada. Na casa tiñan medo de que me celase dela, xa que até entón eu era o pequerrecho da familia.

Lonxe de celarme, dende que Rabecha chegou ó mundo sempre foi o meu olliño dereito. Fíxenme cargo do seu coidado coma calquera das miñas irmás e preocupeime sempre dela. Non houbo noite que antes de me deitar non me achegase ó seu berce para ver se durmía. E todo o que levo xogado con ela! Así é normal que cando colle unha perrencha o único que sabe o xeito de acalmala sexa eu.

Ademais, saíu lista coma un allo. Moito lle gusta poñerse detrás de papá cando está sentado no despacho facendo a contabilidade da ferretaría, preguntándolle a que operacións corresponde cada unha das cifras que o ve anotar.

Nuns anos cando teña eu que facerme cargo do negocio, de seguro que poderei contar con ela para que me axude. Ningunha das miñas irmás amosa interese pola tenda, mais á nena parece que lle leva moita idea. Encántalle vir alí e poñerse comigo por tras do mostrador a atender á xente.

Como me gusta fachendear con ela na ferretaría! Sentala enriba do mostrador para que a clientela vexa a sobriña tan bonita que teño. E cando non hai xente ensínolle onde están gardadas as cousas e para que serven.

A ela tamén lle gusta fachendear comigo. As veces que papá me deixa saír antes do negocio e vou recollela á escola, según me ve xa se bota a correr cara min berrando “Tío Ponce, tío Ponce!” para que as outras nenas se fixen nela. E despois non me queda outra que levala ó cabalete até a nosa casa. Raio de nena!

1º Accésit Narrativa

Agora mesmo está a collerme da man para dicirme non sei o que. Eu fágolle un aceno para que estea caladiña e atenda á voda.

Mamama

Polo menos nesta voda a Mamama vézelle feliz e satisfeita. Porque na miña, por moito que se esforzaba en disimulalo, ben se lle notaba que adoeecía por dentro. Ademais, como eu me casei polo civil xa non houbo ocasión para unha cerimonia tan pomposa como a que fixo Milagros.

Pero é que eu non podía casarme doutro xeito. O meu home, que en paz descanse o pobre, non cría en deus. As veces que falamos de casar deixoume ben claro que xamais sería pola igrexa. E ó comezar a guerra, fíxome xurarlle que no caso de que lle acontecese algo levaríao directamente ó cemiterio, sen facerlle funeral.

E tiven que facelo así, non podía ser doutra maneira. A min teríame gustado que as cousas se fixesen coma toda a vida, contando coa aprobación de deus. Gustaríame que o noso matrimonio se celebrase diante do altar. Tamén me gustaría que cando el deixou este mundo o fixese coa bendición do pai, do fillo e do espírito santo.

Pero non fixen nada por contradicilo. Non quixera eu que estivese revolvéndose na tumba por culpa miña. E o da voda civil ó final deume o mesmo, xa que eu o que quería era casar con el. Queríalle tanto, e aínda lle quero, que faría todo o que el me pedise con tal de estar ó seu carón. Mesmo tería renegado de deus se me condicionase a facelo.

Ós da casa non lles gustaba nada, especialmente a Mamama. Tratou de convencerme de que non me conviña un rapaz así, tan metido na política. Diciáme que toda esa xente republicana, antes ou despois, rematarían mal e que el non sería unha excepción. Mal que me pese, o tempo non fixo senón darlle a razón.

Aínda que non estou segura de que fosen as súas ideas políticas o que lle tirase para atrás. Teño para min que en realidade, a ela o que máis lle incomodaba era que fose un obreiro, e que a maior parte das veces traballase polo xornal. Preferiría que eu casase cun mozo de mellor posición.

Mamama sempre se preocupou moito por gardar as aparencias. A nosa familia ten un negocio, e para ela que eu estivese casada cun obreiro, republicano ademais, supuña unha deshonra.

A que se armou na casa cando souberon que andaba a facerme as beiras e que eu lle daba carta branca! De nada serviu que lles xurase que estabamos namorados e que as súas intencións comigo eran boas. Prohibíronme saír soa da casa até que se me pasase o capricho. E Mamama mesmo ameazou con meterme no convento.

Moito chorei naqueles días. Inesperadamente contei coa complicidade de Alma, que durante semanas fixo de recadeira traéndome notiñas escritas por el e levándolle as que lle escribía eu. Foi entón cando se me ocorreu un plan para que na casa non puidesen impedir que casáramos. Tiña que quedarme embarazada.

Fiámolo todo a esa carta e por sorte saíu ben na única oportunidade que tivemos. Cando anunciei que estaba grávida non lles quedou outra que aceptar o matrimonio como remedio senón querían que o escándalo fose aínda maior.

Nunca o dixo claramente, pero eu sei que para Mamama a morte do meu home supuxo unha liberación. Nesa sociedade hipócrita coa que ela está tan conforme, unha viúva cunha filla

pequena ó seu coidado é máis digna de compaixón cá muller dun “roxo” que vai con el a todos os mitins coa criatura no colo.

É por iso polo que me impuxo vestir de loito. Para que se vexa ben que o meu erro está no cemiterio, e non escapado polos montes adiante como moitos outros.

Hoxe está tan feliz. De mesa en mesa, falando cos convidados á voda. Satisfeita no seu papel de anfitroia. Toda chea de razón co vestido azul que lle fixo Esperanza. Pola contra, eu estou triste coma sempre, caladiña e sen chamar a atención. Estrañando a quen debería estar á miña beira.

O pai

Se nos tivera feito caso e puxese unha camisa branca en lugar de azul, agora que quitou a chaqueta non se lle notarían tanto as marcas da suor no peito e debaixo dos brazos. Pero el emperrouse en poñer esa porque disque así ía a conxunto co vestido que lle fixen a Mamama.

Tratamos de facerlle entender que máis aló do convite, nos momentos importantes da voda el non estaría á par dela, senón de Milagros. Como padriño que é saíría da casa do brazo da noiva, cruzaría a praza e entraría na igrexa do mesmo xeito. E unha vez rematada a cerimonia saíría de ganchete coa madriña.

1º Accésit Narrativa

Non houbo maneira de convencelo. E así está agora, encarnado coma un tomate e coa camisa toda empapada. Aínda que iso é o menos importante. O que realmente me preocupa é o seu comportamento dos últimos meses. Anda moi pensativo e inquedo, non sei se é que as cousas no negocio marchan mal.

Se cadra eran nervios polos preparativos da voda de Milagros. Quen sabe! Como eu me casei por poderes e a voda de Soledad foi así daquela maneira, esta era a primeira vez que se organizaba un festín de tal calibre. Na casa andivemos todos moi alterados. Eu mesma tiven que sacar horas de onde non as tiña para rematar os nosos vestidos.

Pensei que non sería quen de telos listos a tempo, pero ó final conseguino e imos todas feitas un brazo de mar. O vestido de Soledad e o da nena ó seren negros desloquen bastante, pero ás demais dá xenio vernos!

Con razón collín fama de ser a mellor modista da vila. Xa hai tempo que botei man de Soledad e de Alma, porque eu soa non dou abasto coas encargas. O meu home tenme dito algunha vez que me vaia xunto del a Venezuela, que alí tampouco me vai faltar o traballo e que mesmo podería montar unha *boutique*.

A idea téntame moito. Gustaríame ver mundo, saír da vila e relacionarme con xente doutros lugares. Venezuela debe ser un país fascinante e cheo de vida, mentres que aquí as feridas da guerra aínda están sen curar. Aínda que xa hai tempo que non recibo cartas súas e iso preocúpame.

Por outra banda, tamén penso que non podería deixar así á familia. Soledad ten moi pouco espírito, Alma pasa todo o día rezando e Milagros comeza agora a súa propia vida...se por desgraza faltase Mamama, quen ía tirar pola casa?

Polo negocio non habería problema. Ponce leva xa uns anos traballando na tenda, aprendendo o seu funcionamento, e a papá aínda lle queda tempo para retirarse. Ademais estou segura de que mesmo xubilado irá pola ferretaría a diario.

Este home non deixa de pensar no traballo nin sequera no día da voda da súa filla. Se cando ía abrirse o baile estaba nunha esquina, falando con dous convidados e por pouco non chega a tempo para coller a Milagros no valse. Disque estaba pechando un trato.

Menos mal que xa se relaxou e anda pola pista adiante, bailando con toda a xente. A cara encarnada, o pelo rizo revolto, a camisa azul suada e aberta case até a metade do peito...nótase que bebeu moito.

Senón non se explicaría que subise ó escenario e mandase parar a orquestra para dar un discurso. Agradecendo ós convidados a súa presenza nun día tan emocionante para a súa familia. Dicíndolle ó seu novo xenro que dende hoxe pasa a ser para el un fillo máis. E rematando desfeito en bágoas ó lembrar que Milagros deixa de ser a súa filla pequena para converterse nunha muller casada.

Tamén lle pediu ós da orquestra que tocasen unha peza e que lle deixasen levar a voz cantante. “Solamente una veeeeeeez, ameeee la viiiiiidaaaaa...”. Non podía ser outra, é a súa canción favorita.

Esperanza

Parece que dá rabia que despois de todos estes meses a preparar o casamento de Milagros, chegase o día e todo pasase dun xeito tan rápido. Mesmo teño a sensación de que ó estar pendente de que todo saíse ben, non cheguei a desfrutar da voda.

Teño que facer repaso de todas as cousas que había marcadas para ser consciente de que aconteceron tal e como estaban previstas. O recibimento dos convidados que viñeron pola casa antes de ir á igrexa foi correcto, ofrecéuselles de comer e de beber, non poden ter queixa. Na saída da comitiva da nosa casa e o percorrido pola praza non houbo problemas, había moita xente da vila á expectativa e víusenos ben, que é o que conta.

Coa cerimonia relixiosa tiña bastante medo de que puidese saír mal. O cura está xa moi maior e non é a primeira vez que se trabuca cos nomes da xente. Por sorte non foi o caso e dixo ben os dos noivos. Ademais fixo moitas referencias á posición que temos as dúas familias nesta vila.

E no banquete todo saíu a pedir de boca. O servizo estivo correcto a máis non poder, a comida estaba deliciosa e non escaseou e o baile coa orquestra foi moi divertido. Notábase que a xente marchaba contenta, todos nos deron a noraboa.

Aínda así, lembrándome de todo, é coma se entre o momento desta mañá no que me puxen o vestido azul e agora mesmo que vou comezar a quitarmo non tivese pasado todo un día, senón apenas uns minutíños.

A verdade é que o vestido que me fixo Esperanza non podía ser máis lucido, quedame estupendo. Con razón a xente me dixo que ía máis guapa eu cá madriña. Éche ben certo! A miña consogra, para ser quen é, hoxe non ía

1º Accésit Narrativa

nada ben vestida. Esa cor verde non a favorecía nada. Pola contra, a min o azulón séntame de marabilla.

Até me dá mágoa ter que quitarmo. Danme ganas de durmir con el posto do lindo que é! Esta filla miña ten un gusto exquisito facendo os deseños e moi boa man cosendo as telas. Así é que as mulleres das casas boas da vila encárganlle a ela os seus gardarroupas.

Menos mal que me saíu unha filla como Esperanza, que soubo buscarse a vida e non depende de ninguén. Porque as outras...Soledad non puido escoller peor e quedou xa marcada de por vida. Alma non sei que ten que a cada paso está peor dos nervios. E a Milagros menos mal que a casamos ben, porque máis aló de peitearse e botarse cremas pouco máis sabe facer.

O futuro desta familia depende da nosa filla maior e do máis novo. O día que eu falte terá que ser Esperanza a que colla o goberno da casa, mentres que o negocio correspóndelle a Ponce facerse cargo del. O caso é que a Esperanza non lle veña a idea de marchar a Venezuela xunto do seu home.

Nalgunha carta el propúxolle que se fose para aló a traballar de modista e co tempo montar a súa propia tenda de roupa. Dende que lin iso comecei a interceptarlle a correspondencia. Non podo deixar que Esperanza marche de aquí por nada do mundo.

Ponce

Xa casei á filla...xa é un traballo menos que teño para facer. Se cadra estaba preocupado de máis, pero despois do que pasou con Soledad tiña medo de que a máis nova tamén se perdesse. Ademais, que esta co guapa que é e o pouco xuízo que amosa...sería unha presa fácil para calquera cantante.

Pero ó final houbo sorte e colocámola cun rapaz de boa familia. Agora térase que ocupar ela mesma de cumprir ben como muller casada...e supoño que pola conta que lle leva non haberá problema.

Das outras tres, menos mal que a maior colleu o oficio de costureira e meteu ás irmás con ela...que senón ía mandar carallo buscarlles futuro. Unha...viúva dun “roxo” e cunha filla ó cargo...e a outra que non sei que ten que bota o día rezando.

A quen se lle conte...ter catro fillas! Eu, que o único que quería era ter un varón para deixarlle en herdanza a tenda...ó igual que meu pai fixo comigo. Pero cada vez que a miña muller estaba preñada e lle chegaba a hora de parir...so viñan femias. Nin que fora cousa do demo!

Se tivesmos tanta descendencia foi porque eu non me resignaba a que non houbese quen continuase o meu apelido e mantivese o negocio na familia. Seguiría empreñando á miña muller as veces que fose preciso até que nacesse o neno.

Por sorte...chegou no quinto parto. E puxémoslle Ponce...o nome do meu pai. Aínda me lembro da borracheira que collín o día que naceu. Case tan grande coma a que levo enriba agora mesmo. A diferenca é que aquel día bebín polo feliz que me atopaba... hoxe fíxeno para quitar cousas da cabeza.

Eu non lle teño medo a morrer...non...a morte vai coa vida mesma. Antes ou despois a xente morre. Eu ó que lle teño medo é á enfermidade...e que os meus derradeiros días neste mundo sexan unha penuria.

E non sei que carallo me pasa...pero dentro de min hai algo que non anda ben. Xa hai uns meses que comecei a sangrar. Primeiro foi por riba...unhas pingas pequeniñas de sangue que se me veñen á boca cada vez que tuso. Despois comecei a sangrar por abaixo...ó facer de ventre. E antonte xa me saíu tamén sangue no mexo.

Non me asusta pensar que eses sangrados me leven á morte...o que me aterra é que o vaian facendo ós poucos. Non soporto a idea de verme enfermo e precisar os coidados dos demais. E tampouco me chista que a xente me vexa así.

Pola tenda xa non podería ir...o último que quixera é que na vila andivese en contos arredor do meu estado de saúde. Pero a tenda non me preocupa... Ponce está máis que preparado para

facerse cargo dela. É un rapaz moi cabal e preocupado...sei que non ía tomar ningunha decisión que afectase á boa marcha do negocio.

Que Ponce quede á fronte xa estaba nos meus plans. De feito é o plan de vida que eu tracei para el...que continuase co legado de seu pai e de seu avó. O peor é se eu estou preso nunha cama e non podo ir a velo á tenda...todo fachendoso...como facía meu pai comigo!

